


Guía de formación de activistas xuvenís polo dereito humano á educación

Autor

Xosé Luís Pastoriza Rozas



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org



13 ACCIÓN
POR EL CLIMA



Autor: Xosé Luís Pastoriza Rozas, 2021.

Infografías: **Autor:** Xosé Luis Pastoriza Rozas con Piktochart (www.piktochart.com).

Como citar: Pastoriza Rozas, Xosé L. (2021), Guía de formación de activistas xuvenís polo dereito humano á educación. Campaña Mundial pola Educación.

Esta guía forma parte dun proxecto financiado pola Xunta de Galicia. O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva do autor e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia nin da Campaña Mundial pola Educación.

Esta Guía foi posible grazas ao proxecto Campaña Mundial pola Educación 2021 en Galicia (PR804A-2020/9) financiado pola Xunta de Galicia na súa convocatoria 2020 para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, presentado en agrupación por Axuda en Acción, EDUCO, Entreculturas, Taller de Solidariedade e a Universidade de Santiago de Compostela (Grupo de Investigación “Hermenéutica Filosófica e Historia da Filosofía”)



Este traballo está baixo unha licenza de Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional.

Iconas páxina 6, 12, deseñado por macrovector_oficial, icona páxina 9, deseñado por rawpixel.com, icona páxina 15, deseñado por ibrandify, ilustración páxina 26 e 27, deseñado por pch.vector, icona obxectivo e materiais, deseñado por rawpixel.com / Freepik

Índice

Presentación	5
Dez conclusións motivadoras	7
A guía de formación de activistas xuvenís e a teoría do cambio da CME	8
Estrutura da Guía de formación de activistas xuvenís	12
PARTE I. FORMACIÓN DA PERSOA FACILITADORA	
1.- A Campaña Mundial pola Educación.....	13
2.- Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable	15
3.- O ODS 4: Educación de calidade	17
4.- A situación da educación no mundo	21
5.- A Axuda Oficial ao Desenvolvemento en educación	23
6.- O impacto da pandemia da COVID-19 na educación.....	25
7.- Unha experiencia educativa antes e durante a pandemia	26
7.1.- A nosa experiencia educativa antes da pandemia.....	26
7.2.- A nosa experiencia educativa durante a pandemia.....	27
7.3.- As nosas demandas para unha “educación desconfinada”	28
8.- Referentes metodolóxicos	
8.1.- A incidencia política.....	29
8.2.- A educación como dereito humano fundamental	31
8.3.- A participación xuvenil: apropiación e apoderamento	32
8.4.- A educación para a cidadanía global	33
8.5.- Competencias para unha cultura democrática	36
8.6.- Obxectivos de aprendizaxe para o ODS 4.....	36
8.7.- A competencia global	38
8.8.- Movendo os marcos para o activismo xuvenil	39
PARTE II: 12 ETAPAS PARA CAMBIAR O MUNDO	
9. Presentación para centros educativos	41
9.1.- Un soño compartido!.....	41
9.2.- Que ofrecemos?	41
9.3.- Para quen?	41
9.4.- Onde e cando?	42

10.- Instrutivo para o desenvolvemento das sesións	44
11.- Etapas e actividades do proceso de formación	
ETAPA 1: O MUNDO COTIÁ: IDENTIFICANDO OS PROBLEMAS	47
ETAPA 2: A CHAMADA Á AVENTURA: “EU SON O CAMBIO, EU PODO CAMBIAR O MUNDO”	56
ETAPA 3: REXEITAMENTO DA CHAMADA: OS NOSOS MEDOS E RESISTENCIAS AO CAMBIO	57
ETAPA 4: O ENCONTRO CO MENTOR: A VIDA DE MALALA	59
ETAPA 5: DAR O PASO: IDENTIFICANDO OS PRINCIPAIS PROBLEMAS, AS CAUSAS, AS SOLUCIÓN E OS OBXECTIVOS	61
ETAPA 6: SUPERANDO PROBAS, PROCURANDO ALIADOS E ANULANDO OPOÑENTES: IDENTIFICAMOS ALIADOS-OPOÑENTES, OBXECTIVOS	62
ETAPA 7: O LADO ESCURO DA FORZA: DESEÑAMOS O PLAN DE ACCIÓN E DECIDIMOS AS TÁCTICAS	65
ETAPA 8: A GRAN PROBA: XESTIONAR A FRUSTRACIÓN. O PLAN B	67
ETAPA 9: A RECOMPENSA. EXECUTAR O PLAN DE ACCIÓN: OS PRIMEIROS RESULTADOS	67
ETAPA 10: O ÉXITO: A SEMANA DE ACCIÓN MUNDIAL POLA EDUCACIÓN	68
ETAPA 11: A CELEBRACIÓN: DIFUNDINDO O CONSEGUIDO	69
ETAPA 12: O ELIXIR: AVALIAMOS A FORMACIÓN DE ACTIVISTAS	69
Referencias	71

Presentación


Desde comezo do século XXI, compartimos un soño: ser a primeira xeración que universaliza o dereito á educación. Coa colaboración xenerosa e entusiasta de milleiros de persoas, ducias de centros educativos e numerosas entidades sociais promoveuse que a voz das persoas excluídas dunha educación gratuíta, inclusiva, equitativa e de calidade se fixese presente nas rúas de Galicia, nas súas institucións políticas e nos medios de comunicación.

Esta Guía presenta unha ferramenta de **formación de activistas xuvenís polo dereito á educación** nos centros de ensino galegos con base nos diferentes marcos de referencia como a competencia global (PISA), a cidadanía activa (Consello de Europa), a educación para o desenvolvemento sustentable (Nacións Unidas) e a cidadanía global (UNESCO). Estruturada en 12 etapas, aspira a capacitar e apoderar á mocidade galega no exercicio da incidencia política para que lideren a reivindicación do dereito á educación ante as institucións públicas e representantes políticos. Ao tempo, como guía de formación, trátase dunha proposta orientada a consolidar un itinerario formativo da conciencia e do poder xuvenil para cambiar o mundo local e global.

A pesar dos grandes avances conseguidos en educación a nivel mundial, aínda quedan moitos desafíos pendentes. Unicamente conseguírase a súa superación coa suma de esforzos dos gobernos, a sociedade civil, as ONG, os centros educativos, educadoras e educadores, estudiantado e todas as persoas comprometidas co dereito á educación. Malpocadamente, a pandemia da COVID-19 ten causado gravísimas consecuencias na educación, como o peche xeralizado dos centros e institucións educativas, a transformación repentina dos procesos de ensino-aprendizaxe e a dixitalización educativa. Estas circunstancias teñen agravado nos sistemas educativos os problemas previamente existentes de exclusión, desigualdade, vulnerabilidade e falta de acceso aos recursos e tecnoloxías, afectando á nutrición, protección, coidados e procesos de socialización que son fundamentais para a aprendizaxe e o desenvolvemento das persoas, especialmente das nenas e nenos. Este impacto negativo da pandemia na educación reforza a convicción de que a mocidade debe protagonizar a reivindicación de máis e mellor educación para todas as persoas. A súa experiencia vital desenvólvese fundamentalmente nos centros educativos sendo capaces de sentir, pensar e soñar outra educación posible.

Durante o curso 2019-2020 un grupo de trece estudantes e tres profesoras participou na primeira edición do programa de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación promovido pola Campaña Mundial pola Educación (CME) e financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia. O programa foi coordinado por persoal técnico especializado e facilitado polo autor desta Guía. Este programa baseouse no itinerario de formación descrito nesta Guía, ofrecendo un espazo de concienciación, formación e mobilización social con base na motivación da mocidade para ser protagonistas reais e voz comprometida do cambio social positivo que promovemos a través da educación e que se reflicte no Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable 4 da Axenda 2030 das Nacións Unidas: “Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas”.

Este proceso de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación desenvólvese consonte a tres obxectivos:



- Diseñar e executar accións de sensibilización e incidencia en favor do dereito á educación.
- Formar en traballo en equipo, oratoria, ciberactivismo e creatividade para o cambio social.
- Conseguir cambios positivos en favor da educación a través da organización e participación en actividades de incidencia con representantes políticos.

A través dun proceso formativo integral capacitouse e apoderouse á mocidade e profesorado participante para actuar como activistas conscientes e críticos capaces de promover e defender publicamente a causa dunha educación de calidade para todas as persoas. Esta Guía actualiza e revisa o itinerario formativo con base nos resultados da avaliación final da primeira edición do programa de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación que deben resultar motivadores á hora de afrontar a súa execución.

Dez conclusións motivadoras

A avaliación da primeira edición do programa de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación celebrado durante o curso 2019/2020 ofrécenos as seguintes conclusións respecto da súa eficacia, impacto, pertinencia e coherencia.

- 1.** As metodoloxías críticas e activas de aprendizaxe promoveron a construción de activistas xuvenís que actúan como cidadás e cidadáns globais activos, apoderados, responsables, críticos e comprometidos co dereito humano á educación e o ODS 4.
- 2.** O profesorado e alumnado participante apoderouse para o exercicio da súa competencia cidadá global e do seu dereito á participación social e política na reivindicación do dereito humano á educación e do cumprimento do ODS 4.
- 3.** A metodoloxía e os contidos das actividades foron eficaces na xeración de impactos positivos na politización da mocidade participante cun incremento da súa conciencia cívica e cultura democrática e da conciencia dos seus dereitos, deberes e responsabilidades en relación á participación social e política polo cambio social.
- 4.** Promovéronse progresos e cambios nos resultados de aprendizaxe cognitivos, socioemocionais e actitudinais das persoas participantes tal e como se establecen no marco de obxectivos de aprendizaxe da UNESCO para o ODS 4 (UNESCO, 2017) onde se inclúe a súa concienciación, formación e mobilización na demanda e reivindicación dunha educación inclusiva, equitativa e de calidade para todas as persoas desde a súa experiencia vital como estudantes e docentes.
- 5.** Aumentáronse de forma significativa os niveis de competencia global e de apoderamento das persoas participantes, adquirindo unha maior conciencia tanto do seu poder persoal, grupal e colectivo para conseguir cambios sociais, políticos, económicos e culturais, como da importancia da mobilización e participación activa da cidadanía, especialmente da mocidade, para conseguir a realización efectiva do dereito á educación.
- 6.** As persoas participantes recoñeceron efectos directos da súa participación no programa sobre o seu autocoñecemento, autoestima, seguridade e confianza persoal, na aprendizaxe e aplicación de habilidades e competencias específicas no eido da oratoria e expresión oral, ciberactivismo, expresión artística e corporal, activismo ou pensamento estratéxico. Ao tempo recoñeceron o valor da diversidade e a importancia das relacións interpersoais baseadas na convivencia, a confianza, a sinceridade, o respecto e a escoita mutua; e adquiriron unha conciencia crítica e reforzaron a súa motivación para o cambio social como activistas xuvenís, sendo conscientes do valor da educación e da súa importancia para conseguir transformacións sociais positivas.
- 7.** O programa formativo satisfizo os seus obxectivos, expectativas, prioridades e necesidades sendo valorado e recoñecido como unha experiencia significativa, de calidade e valor polas persoas participantes pola súa capacidade para ofrecer satisfacción das súas necesidades en relación ao traballo en equipo, á aplicabilidade práctica dos coñecementos e ferramentas aprendidas, á inqueda polo autocoñecemento e o crecemento persoal, e á súa necesidade de establecer unha relación diferente e alternativa entre o alumnado e o profesorado.

8. As dinámicas formativas facilitaron que estudantes e docentes establecesen relacións de horizontalidade, liberdade, confianza, escoita mutua, respecto e igualdade con base na creación dun espazo de formación seguro e confiable. As docentes recoñeceron o impacto que tivo esta experiencia educativa para unha mellora da súa autoestima persoal e docente e da súa motivación profesional, para a construción dunha nova relación co alumnado afastada das inercias e prácticas propias da aula e dos centros de ensino e baseada na escoita, a aprendizaxe mutua e o acompañamento.

9. A formación de activistas xuvenís polo dereito á educación alíñase plenamente coa Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia e co IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) e contribúe activamente ao seu obxectivo xeral e ao ámbito estratéxico 5 do Plan Director: “construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible”.

10. A formación de activistas xuvenís resulta acaída coa orientación estratéxica da CME a nivel internacional de promover a participación activa da mocidade e o seu apoderamento na reivindicación do dereito á educación para todas as persoas.

A guía de formación de activistas xuvenís e a teoría do cambio da CME


En relación á teoría do cambio da CME, o proceso de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación baséase en tres construtos xenéricos: participación socio-política xuvenil, apoderamento e competencia cidadá global. Este programa formativo encádrase no marco da incidencia política definido como un proceso individual ou grupal planificado que ten por obxectivo influír na axenda pública, na formulación, xestión e seguimento e avaliación das políticas públicas, e nas decisións das autoridades e institucións públicas co fin de promover un cambio social, político ou económico a nivel local ou global. A interrelación destes tres construtos débese encadrar, logo, na teoría do cambio definido en 2018 pola Global Campaign for Education (GCE), a matriz internacional da CME.

A GCE defínese como un movemento da sociedade civil global que promove e defende a educación como un dereito humano básico e que mobiliza á opinión pública e á cidadanía para que demande aos gobernos e á comunidade internacional o cumprimento dos seus compromisos de proporcionar unha educación básica, pública, gratuíta e obrigatoria para todas as persoas, cunha atención preferente pola infancia, mulleres e persoas de grupos excluídos, marxinados ou vítimas de múltiples discriminacións. A GCE asume ademais a responsabilidade de promover a construción dunha cidadanía activa, responsable e crítica que participa pola transformación e o cambio social positivo a través de espazos e mecanismos de participación que deben ofrecer os gobernos para que a cidadanía interveña na política pública de educación e de cooperación internacional. Tan só a través deste compromiso co fortalecemento da cidadanía e a sociedade civil, a GCE cumprirá a súa misión de ampliar o movemento da sociedade civil que defende o dereito á educación e de fortalecer a capacidade colectiva para a promoción do cambio social positivo e a xustiza social nas políticas públicas educativas a nivel local e global. Xa que logo, para xerar unha masa crítica de cidadáns e aliados que apoien as demandas estratéxicas da CME faise

preciso promover e defender o dereito á educación fortalecendo tanto a súa capacidade para influír nos gobernos como o movemento da sociedade civil que o reivindica.

Un dos principais instrumentos dos que se vai valer a GCE para promover a educación para a cidadanía global vai ser a implementación de propostas educativas baseadas na educación transformadora. O proceso de aprendizaxe reflexiva promovido por este paradigma oríéntase á transformación individual e colectiva a partir da análise crítica do contexto social e das estruturas de opresión e inxustiza no horizonte da expansión das capacidades e liberdades das persoas, da ampliación do goce e protección dos seus dereitos humanos e da súa achega a unha sociedade máis democrática, xusta e pacífica. Xa que logo, o proceso de formación de activistas xuvenís descrito nesta Guía establece como impacto positivo previsto o seguinte: “Construír unha cidadanía global activa, crítica, e comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable e que promove e defende a educación a nivel local e global”.

O proceso de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación deseñouse para o desenvolvemento dun itinerario formativo baseado na organización de grupos xuvenís e a planificación de actividades de incidencia política en prol do dereito a unha educación gratuíta, inclusiva e de calidade para todas as persoas a nivel local e global no marco da GCE. O itinerario proposto abrangue os seguintes elementos comúns ás accións de incidencia polo dereito á educación:



- | | | |
|--|---|---|
| 1. Reforzar o coñecemento dos problemas relativos ao dereito á educación. | 2. Desenvolver competencias para o pensamento e a análise estratéxica. | 3. Afianzar a capacidade para o traballo en grupo e en rede. |
| 4. Fortalecer a capacidade para relacionarse cos medios de comunicación e o emprego de redes sociais. | 5. Desenvolver a capacidade para relacionarse e negociar coas autoridades públicas e representantes políticos. | |

A través deste itinerario de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación promóvese a participación activa e o apoderamento da mocidade a través da súa sensibilización, formación, concienciación e mobilización.

En primeiro lugar, o proceso de formación ten como obxectivo global fomentar a apropiación por parte da mocidade participante da reivindicación global polo dereito á educación, de tal xeito que lideren como actores sociais as actividades de incidencia política desenvolvidas ao abeiro da CME. A apropiación implica priorizar a voz, o protagonismo e o liderado xuvenil no proceso de diagnóstico, análise e reflexión estratéxica que se desenvolve a través desta Guía. Deste xeito, sitúase como obxectivo a consecución dunha participación activa que se localice nos niveis superiores da escada da participación xuvenil fomentando a progresiva autonomía e autoxestión do proceso de incidencia política.

En segundo lugar, promóvese o apoderamento da mocidade participante de tal xeito que se fortalezan as súas capacidades, confianza e protagonismo para impulsar cambios positivos e liderar a transformación social. Este apoderamento debe abranguer tres niveis:

- a.** O poder persoal, como desenvolvemento da autoestima, da confianza e da capacidade individual.
- b.** O poder nas relacións próximas, en canto aumento da capacidade de negociar e influír nas relacións e nas decisións.
- c.** O poder colectivo, como participación nos espazos e estruturas políticas e na acción colectiva baseada no diálogo, a cooperación e a xeración de alianzas para a transformación social positiva.

Xa que logo, no remate do proceso de formación, a mocidade participante debería percibir un incremento do seu “poder propio” en canto confianza nas súas propias capacidades para participar e conseguir un cambio social; do seu “poder con” outras persoas para tomar decisións colectivas e imaxinar e construír alternativas; e do seu “poder para” conseguir transformacións sociais positivas a través da súa actuación no espazo público e nas estruturas de participación cidadá formais e informais.

Obxectivos

Equidade e non discriminación

Educación transformadora

Educación en emerxencias

Financiación da educación

Sistemas educativos que proporcionan educación pública, gratuíta, de calidade, inclusiva e obrigatoria para todas as persoas, especialmente para crianzas e mocidade, mulleres e persoas de comunidades e colectivos excluídos

Movemento da sociedade civil y global sustentable, diverso e forte que fala cunha única voz a nivel local, rexional e global

Cidadanía global activa, crítica y comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable e que promove e defende o dereito á educación a nivel local e global

Educación transformadora

Competencia cidadá global

Comunidade de práctica



Educación formal



Educación non formal



Alumnado



Profesorado



Mocidade

Sensibilización e concienciación sobre o dereito á educación

Capacitación e apoderamento para o activismo social

Incidencia, participación e mobilización social

Investigación



Misión: "Promover e defender unha educación de calidade como dereito humano fundamental"



Visión: "Fortalecer a capacidade para influír nos gobernos"



Obxectivo: "Fortalecer o movemento da sociedade civil global polo dereito á educación"

Estrutura da Guía de formación de activistas xuvenís

Esta guía de formación está dividida en dúas partes. Na primeira parte, a persoa facilitadora atopará información relativa á CME, aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), o ODS 4 relativo á educación, a situación da educación no mundo, a axuda oficial ao desenvolvemento en educación e o impacto da pandemia da COVID-19 na educación. Nunha sección específica abórdanse os referentes metodolóxicos desta proposta educativa: a incidencia política, a educación como dereito humano, a participación xuvenil, a educación para a cidadanía global, a educación para unha cultura democrática, a educación para o desenvolvemento sustentable, e a competencia global. Esta primeira parte debe ser coidada como unha oportunidade de autoformación da persoa facilitadora co fin de que poida contar cun mapa o máis amplo posible de información, recursos e referentes metodolóxicos.

A segunda parte desenvolve a ferramenta para o deseño e implementación dunha campaña de incidencia política en prol do dereito a educación. Estruturada en 12 etapas, abrangue os elementos precisos para a definición colectiva da campaña e para o reforzamento das capacidades do grupo participante. Este itinerario formativo polo dereito á educación está inspirado na análise de Joseph Campbell dos relatos e narracións míticas da vida dos heroes e heroínas no seu libro *O heroe das mil caras. Psicanálise do Mito*. A estrutura básica do mito narra como o heroe inicia a súa aventura desde o mundo ordinario, de todos os días, cara a unha rexión de prodixios sobrenaturais, enfróntase con forzas fabulosas e gaña unha vitoria decisiva, e o heroe regresa da súa misteriosa aventura co poder de outorgar beneficios aos seus compañeiros.

Seguindo o itinerario de separación-iniciación-retorno que caracteriza as aventuras dos heroes e heroínas, esta experiencia de formación e participación como activistas polo dereito á educación implica unha separación do mundo ordinario en que se desenvolve a súa vida no centro educativo, a descuberta dun nova fonte de poder colectivo e grupal a través da planificación e execución dunha actividade pública de incidencia política, e o retorno ao centro educativo para vivir a vida de estudante con máis sentido unha vez contribuído a conseguir un cambio en prol do dereito á educación.

Por tanto, esta guía de formación arela capacitar ás persoas mozas participantes para que sexan quen de actuar polo cambio local e global, apoderándoas nas súas habilidades, actitudes e valores democráticos, espreguizando a súa identidade como cidadás globais e fornecendo o seu protagonismo e liderado por un mundo máis xusto, libre, sustentable, equitativo e inclusivo.



PARTE I. FORMACIÓN DA PERSOA FACILITADORA

Esta ferramenta de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación ten sido planificada con base na existencia dunha ou varias persoas facilitadoras do proceso. A diferenza dun “profesor ou profesora”, o rol da persoa facilitadora non consiste en transmitir coñecemento, senón en apoiar ao grupo participante a compartir coñecementos e ideas, a construír en man común unha estratexia de incidencia

política e a traballar de xeito efectivo e cooperativo en equipo. Xa que logo, a persoa facilitadora debe axudar a que o grupo aprenda e comparta en común dun xeito fluído e doado.

Neste senso é posible identificar unha serie de características positivas da persoa facilitadora (Plan, 2014, p. 9):

A persoa facilitadora	
Debe ser	Non debe ser
✓ Inspiradora ✓ Positiva ✓ Comprensiva ✓ Estimulante ✓ Flexible ✓ Escuchadora ✓ Amigable ✓ Activa ✓ Espelida ✓ Comprometida ✓ Creativa ✓ Flexible ✓ Aberta a aprender	✗ Un profesor/a ✗ Un superior ✗ Tímida ✗ A persoa con todas as respostas ✗ Ríxida ✗ Aburrida ✗ Crítica ✗ Chea de prexuizos ✗ Perfecta

1.- A Campaña Mundial pola Educación

Presente actualmente en máis de 124 países, a Campaña Mundial pola Educación (CME) nace no ano 2000 como unha coalición internacional formada por ONG, sindicatos educativos, centros educativos e organizacións sociais, para a defensa do dereito humano á educación.

A CME vela para que os gobernos cumpran os seus compromisos nacionais e internacionais para que ningunha persoa se quede atrás na realización do seu dereito á educación, xa que afirma que non existe ferramenta de transformación máis poderosa para promover os dereitos humanos, acabar coa pobreza, e construír sociedades máis cohesionadas, sustentables, pacíficas e inclusivas.

As súas actividades teñen como obxectivo:

- **Sensibilizar á sociedade** sobre a situación da educación no mundo co fin de concienciar sobre a vulneración deste dereito humano.
- **Mobilizar á cidadanía** como voceiros e activistas polo dereito á educación.

- **Comunicar e informar sobre o dereito á educación** no mundo aos medios de comunicación e en redes sociais para que se fagan visibles as realidades de vulneración deste dereito humano.
- **Incidir nos representantes políticos** para que cumpran os seus compromisos estatais e globais co dereito á educación.

Desde 2001 a CME mobiliza á cidadanía coa celebración da **Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME)** para reclamar o cumprimento íntegro dos compromisos internacionais en prol dunha educación gratuíta, equitativa, e de calidade para todas as persoas do mundo. Durante esa semana no mes de abril, os 124 países integrados na CME celebran actividades de sensibilización, mobilización e incidencia para chamar a atención sobre a necesidade de facer real e efectivo o dereito a unha educación de calidade para todos e todas no mundo. En 2019, a CME logrou mobilizar a 14.000 persoas en toda España e a máis de 20 millóns en todo o mundo.



2.- Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

En setembro de 2015, as Nacións Unidas aprobaron a **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable**, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes dos 193 estados membros das Nacións Unidas, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial (Nacións Unidas, 2015). Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000 e que se materializou nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM).

Esta nova axenda presenta unha visión máis ambiciosa e holística do desenvolvemento sustentable integrando nos seus **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS)** as dimensións económica, social e ambiental.

A Axenda 2030 presenta tres novidades que marcan a diferenza con respecto dos ODM:

- **Universalidade:** impoñendo responsabilidades compartidas ao conxunto de Estados que integran a comunidade internacional en tódolos niveis de gobernanza supraestatal, estatal e local.
- **Integralidade:** reflectindo a multidimensionalidade dos procesos de desenvolvemento.
- **Diversidade:** promovendo a xeración de alianzas e espazos multiactor de tal xeito que cada actor (gobiernos, sector privado, sociedade civil, persoas) poida fornecer unha achega significativa e relevante aos procesos de desenvolvemento sustentable.



A Axenda 2030 xira arredor de cinco eixos centrais: **Persoas, Planeta, Prosperidade, Paz e Alianzas**, que se plasman na visión dun mundo onde as persoas estean primeiro e ningunha persoa é deixada atrás, onde a prosperidade é compartida, que respecta e conserva o planeta, onde se consolida e constrúe a paz baseada na xustiza, a través do traballo en asociación e man común para conseguilo.

1. **Persoas:** poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e garantir a dignidade e igualdade.
2. **Planeta:** protexer os recursos naturais do noso planeta e o clima para as xeracións futuras.
3. **Prosperidade:** asegurar vidas prósperas e satisfactorias en harmonía coa natureza.
4. **Paz:** promover a paz, a xustiza e sociedades inclusivas.
5. **Alianzas:** implementar a Axenda a través dunha sólida alianza global.

Un elemento central e novidoso da Axenda 2030 é a **imposición de deberes ao conxunto de Estados para que “localicen” os ODS** e promovan políticas públicas e accións de goberno que permitan a realización destes obxectivos a nivel nacional, rexional e local. Xa que logo, nos niveis subestatais de gobernanza estanse a desenvolver accións para a consecución dos ODS a nivel local.



OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTENIBLE

Estamos decididas a **poner fin a la pobreza y el hambre** en todo el mundo de aquí a 2030, a **combatir las desigualdades** dentro de los países y entre ellos, a **construir sociedades pacíficas, justas e inclusivas**, a **proteger los derechos humanos y promover la igualdad entre los géneros y el empoderamiento de las mujeres y las niñas**, y a **garantizar una protección duradera del planeta y sus recursos naturales**.

Estamos decididas también a crear las condiciones necesarias para un **crecimiento económico sostenible, inclusivo y sostenido, una prosperidad compartida y el trabajo digno** para todas las personas, teniendo en cuenta los diferentes niveles nacionales de desarrollo y capacidad.

Al emprender conjuntamente este gran viaje, prometemos que **ninguna persona quedará atrás**. Reconocemos que la **dignidad de la persona humana es fundamental**, por lo que deseamos ver cumplidos los Objetivos y las metas para todas las naciones y los pueblos y para todos los sectores de la sociedad, y nos esforzaremos por llegar primero a las personas que han quedado más excluidas.

PERSONAS



PLANETA



PROSPERIDAD



PAZ



ALIANZAS



3.- O ODS 4: Educación de calidade

No ano 2000, a Declaración do Milenio estableceu un ODM 2 centrado en lograr a ensinanza primaria universal en 2015. Nese ano identificáronse toda unha serie de progresos globais: 47 millóns máis de nenos e nenas ían á escola, 30 millóns máis de mozos e mozas accedían á educación secundaria e 132 millóns máis de persoas adultas sabían ler e escribir.

Xa antes de 2015, as Nacións Unidas desenvolveron un amplo proceso consultivo para definir os 17 ODS que integran a Axenda 2030 e no que participaron máis dun millón de persoas en todo o mundo. Con respecto da educación, máis de medio millón de persoas votaron que o acceso a unha boa educación debería de constituír unha das prioridades da axenda global de desenvolvemento, liderando a educación os resultados da enquisa mundial promovida polas Nacións Unidas (Nacións Unidas, 2013).

Cando se aprobou a Axenda 2030 en setembro de 2015, a comunidade internacional recoñeceu que a educación resulta fundamental para o éxito dos 17 ODS. As aspiracións no eido da educación recóllense esencialmente no **ODS 4: “Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas”**. Este ODS desprégase en 10 metas a acadar no 2030 e que afrontan os grandes desafíos da educación neste século, tal e como foron recollidos na **Declaración de Incheon** aprobada no Foro Mundial de Educación celebrado en maio de 2015. Esta Declaración desenvolveu un **Marco de Acción** que opera como unha folla de ruta para conseguir as dez metas do ODS 4, ofrecendo aos gobernos e institucións orientacións para converter os compromisos en resultados (UNESCO, 2015a).

O ODS 4 reflicte a visión humanista de que a educación transforma as vidas e actúa como o motor principal do desenvolvemento humano, tendo efectos multiplicadores e esenciais para a consecución dos demais ODS. Ademais, reafirma que **a educación é un ben público, un dereito humano fundamental** e a base para a realización doutros dereitos, sendo esencial para a paz, a tolerancia, a realización persoal e o desenvolvemento sustentable.

Axenda global de educación

Campaña Mundial pola Educación



Nace a CME: coalición internacional formada por ONG, sindicatos, centros educativos e movementos sociais comprometidos co dereito á educación

Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

Progresos globais

- ✓ 47 millóns máis de nenos e nenas van á escola
- ✓ 30 millóns máis de mozos acceden á educación secundaria
- ✓ 132 millóns máis de persoas saben ler e escribir

Foro de Incheon

O Foro Mundial de Educación aproba a Declaración de Incheon e o Marco de Acción para a consecución do ODS 4

1990

I Conferencia Mundial sobre educación para Todos e Todas

En Jomtien (Tailandia), 115 países e 150 organizacións comprometéronse a acadar a educación para todos e todas no ano 2000

1999



Foro de Dakar

Nacen os 6 Obxectivos de Dakar co fin de acelerar os progresos na consecución da educación para todos e todas en 2015

2000

Cumio do Milenio

As Nacións Unidas establecen os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, entre eles a Educación para Todos e Todas: ODM 2

2015



2015 +

Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible

Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 4: "Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas"

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD





Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas

10 metas para 2030

4.1.

Asegurar todas as nenas e todos os nenos rematan a ensinanza primaria e secundaria, que ha de ser gratuíta, equitativa e de calidade e producir resultados de aprendizaxe pertinentes e efectivos.

4.2.

Asegurar que todas as nenas e todos os nenos teñan acceso a servizos de atención e desenvolvemento na primeira infancia e educación preescolar de calidade, a fin de que estean preparados para a ensinanza primaria

4.3.

Asegurar o acceso igualitario de todos os homes e as mulleres a unha formación técnica, profesional e superior de calidade, incluída a ensinanza universitaria

4.4.

Aumentar considerablemente o número de persoas mozas e adultas que teñen as competencias necesarias, en particular técnicas e profesionais, para acceder ao emprego, o traballo decente e o emprendemento

4.5.

Eliminar as disparidades de xénero na educación e asegurar o acceso igualitario a todos os niveis da ensinanza e a formación profesional para as persoas vulnerables, incluídas as persoas con discapacidade, os pobos indíxenas e as crianzas en situacións de vulnerabilidade

4.6.

Asegurar que todas as persoas mozas e unha proporción considerable das adultas, tanto homes como mulleres, estean alfabetizadas e teñan noções elementais de aritmética.

4.7.

Asegurar que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento sostible e os estilos de vida sostibles, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía global e a valoración da diversidade cultural e a achega da cultura ao desenvolvemento sostible.

4.7.a

Construír e adecuar as instalacións educativas que teñan en conta as necesidades dos nenos e nenas e as persoas con discapacidade e as diferencias de xénero, e que ofrezan entornos de aprendizaxe seguros, non violentos, inclusivos e eficaces para todas as persoas.


4.7.b

Aumentar considerablemente a nivel mundial o número de becas dispoñibles para os países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países africanos, a fin de que seus estudantes poidan matricularse en programas de ensinanza superior, incluídos programas de formación profesional e programas técnicos, científicos, de enxeñaría e de tecnoloxía da información e as comunicacións, de países desenvolvidos e outros países en desenvolvemento.

4.7.c

Aumentar considerablemente a oferta de docentes calificados, incluso mediante a cooperación internacional para a formación de docentes nos países en desenvolvemento, especialmente os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento.

A educación e os ODS



4.- A situación da educación no mundo

A pesar dos progresos globais na realización do dereito á educación, materializados entre 2000 e 2015, seguen identificándose os seguintes atrancos e problemas:

1. O **deficitario financiamento** dos sistemas educativos nacionais e a falta de apoio decidido ao sector educación a través da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), especialmente á educación básica.
2. O carácter minoritario da **educación infantil** e da atención á primeira infancia nos países en vías en desenvolvemento.
3. A **incompleta universalización da educación básica**, con 57 millóns de nenos e nenas sen escolarizar.
4. A alta porcentaxe de **fracaso escolar** e abandono do sistema educativo en educación primaria.
5. A **precaria calidade en educación** con problemas persistentes en baixos resultados de aprendizaxe, infraestruturas educativas deficientes, e insuficiente capital humano, especialmente profesorado formado, capacitado, motivado e ben remunerado.
6. A persistencia de **desigualdades de xénero** no acceso á educación e nos sistemas educativos.
7. A exclusión das **persoas con diversidade funcional** dos sistemas educativos.
8. A falta de atención específica ás **identidades culturais**.
9. A alta porcentaxe de **persoas adultas analfabetas**, especialmente mulleres.
10. A limitada atención prestada á **educación técnica** como fonte de capacitación profesional e mellora de ingresos para a mocidade.
11. A falta de acceso á educación por mor das **migracións forzosas** provocadas por conflitos armados, violencia política e as crises ambientais e desastres naturais por causa do cambio climático.
12. As dificultades no acceso ás **tecnoloxías da información e da comunicación** para os centros educativos nos países empobrecidos.
13. O **traballo infantil**, que afecta a 150 millóns de nenos e nenas en todo o mundo.
14. O incremento das **desigualdades** que atrancan a mobilidade social e limitan as oportunidades de progreso persoal a través dunha mellor educación.

263 millóns de nenos e nenas e persoas mozas están sen escolarizar	57 millóns de nenos e nenas de primaria non van á escola	75 millóns de nenos e nenas viven en países en conflito e precisan de apoio educativo
131 millóns de rapazas e mozas están sen escolarizar	4 millóns de nenos e nenas refuxiadas non van á escola	Son necesarios 69 millóns máis de docentes para acadar a educación universal en primaria e secundaria
4 de cada 10 nenos e nenas sen escolarizar nunca irán á escola	O 54% dos nenos e nenas sen escolarizar viven en Subsahariana	274 millóns de nenos e nenas escolarizados en primaria non aprenden os coñecementos e habilidades básicas
Nos países empobrecidos o 40% dos nenos e nenas con diversidade funcional están fóra da escola	Son necesarios 30.000 millóns de dólares extra anuais para conseguir a escolarización universal en primaria e secundaria	1 de cada 4 persoas mozas nos países empobrecidos é analfabeta

Fuente: Global Partnership for Education, 2018

5.- A Axuda Oficial ao Desenvolvemento en educación

No ano 2000, no Foro Mundial de Dakar, os países doadores comprometéronse a achegar os recursos financeiros necesarios para que ningún país se vise frustrado pola falta de recursos para conseguir a educación para todas as persoas. Entre 2002 e 2014, a **AOD global en educación duplicouse** pero non foi abondo para cubrir a **fenda de financiamento** estimada pola UNESCO para a universalización da escolarización primaria. De feito, entre 2010 e 2014 a AOD global en educación estancouse aínda que en 2018 medrou case un 27 % con respecto de 2014. Con todo, os datos amosan como a educación está a minguar o seu protagonismo como unha das prioridades dos países doadores (UNESCO, 2020a).

A Declaración e Marco de Acción de Incheon aprobada no Foro Mundial de Educación celebrado en maio de 2015 demanda aos Estados asignar, como mínimo, entre o 4 e o 6 % do seu produto interior bruto a educación, ou ben asignar a educación, ao menos, entre o 15 e o 20 % do gasto público. Con todo, a nivel global, o déficit de financiamento da educación estímase en 123.000 millóns de euros anuais, sendo preciso complementar os recursos financeiros internos dos Estados por parte da comunidade internacional (CME, 2021). Ao tempo, a pandemia da COVID-19 ten aumentado considerablemente os custos necesarios para acadar o ODS 4 en 2030 de tal xeito que o déficit de financiamento anual previsiblemente aumentará entre 25 e 37 mil millóns de euros anuais (UNESCO, 2020b).


En **España**, a AOD en educación tense visto gravemente afectada pola redución dramática dos orzamentos de cooperación para o desenvolvemento. De feito, entre 2008 e 2015 **a axuda neta española reduciuse máis dun 65%**, pasando de 4,7 mil millóns de euros a 1,6 mil millóns. España, logo, tense afastado do compromiso de destinar o 0,7 % da súa Renda Nacional Bruta a cooperación para o desenvolvemento, situándose en 2015 nun escaso 0,13 %, aínda que en 2019 esta porcentaxe medrou até o 0,21 %. Non obstante, a AOD española en 2019 segue a ser a metade do que era en 2008 (OXFAM, 2020).

En relación á educación, a **cooperación española en educación reduciuse un 90%**, pasando de 354 a 40 millóns de euros entre 2008 e 2014. Este feito ten implicado a desaparición de España como un doador relevante en educación a nivel global, de tal xeito que pasou de ser o 6º doador en educación dos países do Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da OCDE en 2008 a ocupar a posición 23ª en 2015. Ao tempo, estes recortes afectaron dramaticamente á cooperación en educación básica, que pasou de 109 millóns de euros en 2009 a uns magros 8,3 en 2018 (Entreculturas e Fundación ETEA, 2021).


No caso de **Galicia**, **a axuda bilateral a educación reduciuse a máis dunha terceira parte** como consecuencia da redución do orzamento de cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia nun 64% durante a crise económica e fiscal entre 2009 e 2014. En 2020, **a cooperación ao desenvolvemento unicamente representou o 0,06%** do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia, moi lonxe da aspiración de destinar o 0,7% (CONGDE, 2020).

Evolución de la AOD en educación


Evolución de la AOD global en educación



Evolución de la AOD española en educación



Evolución de la AOD gallega en educación



Fuente: UNESCO, 2020; Entreculturas, 2021

6.- O impacto da pandemia da COVID-19 na educación

Desde marzo de 2020 a pandemia da COVID-19 ten provocado unha emerxencia global social que afectou gravemente á educación. Calcúlase que arredor de 1.500 millóns de estudantes viron freada ou interrompida a súa educación e que 63 millóns de docentes de 191 países non puideron acudir aos seus centros educativos. Por outra banda, a pandemia ten agravado as situacións de desigualdade, vulnerabilidade, pobreza, exclusión, segregación e discriminación que afectaban ás persoas e colectivos máis vulnerables.

De forma sintética, as consecuencias da COVID-19 sobre a educación teñen sido as seguintes (Entreculturas, 2020; EDUCO, 2021):



- Déficit alimentario e nutricional, por canto o peche dos centros escolares tivo unha incidencia moi importante na alimentación saudable de moitas crianzas e adolescentes.
- Dificultades na atención e o coidado da infancia polo aumento da carga de traballo doméstico e dos coidados nas mulleres, nenas e adolescentes, xerando novas barreiras e atrancos para o seu desenvolvemento educativo.
- Incremento dos custos e gastos familiares ao pechar as escolas.
- A exclusión educativa por mor da fenda dixital, a falta de recursos económicos para afrontar o acceso ás novas tecnoloxías, a ausencia de conexións de calidade para recibir a educación a distancia.
- A restrición das oportunidades de acceso á educación non formal.
- As limitacións no exercicio dos dereitos de participación do estudantado.
- Falta de espazos de protección ao prohibirse ou limitarse a educación presencial, de tal xeito que os centros educativos non realizan a función de protexer aos estudantes fronte á violencia e outros riscos.
- Riscos para a aprendizaxe afectiva e social e para a saúde emocional do estudantado, xa que a escola actúa como un espazo fundamental de encontro, convivencia e interacción persoal e colectiva.
- Impacto especialmente grave en nenas e adolescentes co incremento da violencia de xénero, o abandono escolar, os embarazos e os matrimonios forzosos.
- O impacto negativo nas persoas con discapacidade.
- Empeoramento das condicións do profesorado: tanto polos despedimentos, reducións de xornada laboral, actualización forzosa e apurada en novas metodoloxías e tecnoloxías, a conciliación familiar e os riscos para a saúde persoal.
- Incremento das taxas de abandono e fracaso escolar en sistemas educativos de maior fraxilidade e en contextos de pobreza e exclusión social.
- As limitacións no acompañamento educativo por parte das familias ao carecer de tempo, recursos e formación.
- Concepción regresiva da educación entendida principalmente como acumulación de contidos.

7.- Unha experiencia educativa antes e durante a pandemia

As persoas participantes na primeira edición do programa de formación de activistas xuvenís no curso 2019-2020 realizaron un diagnóstico relativo á súa experiencia como estudantes e educadoras nos seus centros educativos de secundaria e nas Universidades públicas galegas (Campaña Mundial pola Educación, 2020). Este diagnóstico identificou unha serie de problemáticas comúns previas ao impacto da pandemia. Ao reactivarse o proceso formativo tras da fin do estado de alarma e o confinamento, este diagnóstico actualizouse coa súa experiencia e aprendizaxes durante a suspensión da actividade educativa presencial. A seguir, presentamos as principais conclusións deste diagnóstico e as demandas que os activistas xuvenís realizan ás autoridades educativas para unha educación de calidade en Galicia.

7.1.- A nosa experiencia educativa antes da pandemia

- A desmotivación do profesorado aféctanos porque percibimos como a falta de vocación, interese e actualización nas metodoloxías de ensino e nos contidos tradúcense en escasa implicación, confianza mutua, comunicación, preocupación, empatía, proximidade e apoio ao alumnado. Pero tamén hai profes que son “puntos de luz” e un referente para nós.
- Os programas de estudo son inabarcables, nalgúns casos están desactualizados, non responden aos nosos intereses e os contidos non teñen conexión coa actualidade que vivimos. Ademais, séguese apostando pola aprendizaxe memorística e pouco polo traballo real en equipo, e foméntase o individualismo e a competitividade a través da avaliación excesiva a través de exames e probas. O sistema de avaliación produce segregación e fracaso escolar ao centrarse exclusivamente nas notas e non nas capacidades e habilidades de cadaquén, separando entre as persoas que aproban e as que suspenden. Tamén nos gustaría contar con maior liberdade á hora de escoller o noso itinerario académico.
- Gústanos participar naqueles programas, iniciativas, charlas, xuntanzas e actividades que nos motivan á colaboración e á cooperación. Participamos e implicámonos nestas actividades porque aprendemos de forma máis práctica, experiencial e dinámica. Queremos que estes proxectos e actividades estean abertos á participación de todo o alumnado que teña interese e que sexan suficientemente promocionados e comunicados nos nosos centros educativos.
- Necesitamos unha maior titorización académica e emocional. Sufrimos unha falta xeralizada de orientación, información, guía, apoio e de titorización para o noso futuro educativo e profesional. Gostaríanos contar cunha titorización emocional accesible e próxima e que nos centros educativos teñamos á nosa disposición equipos interdisciplinares de profesionais do traballo social, educación social, psicoloxía, logopedia, etc., que nos poidan apoiar e acompañar.
- Valoramos por riba de todo que o clima e ambiente dos nosos centros educativos sexa familiar e positivo, de xeito que haxa: compañeirismo entre o alumnado nas aulas e entre os diversos cursos;



colaboración e cooperación mutua; actitudes de respecto entre todas as persoas; comunicación e feedback entre profesorado e alumnado; participación igualitaria; confianza; integración, inclusión, equidade, eliminación de etiquetas e prexuízos; non discriminación; unha atención específica ao alumnado máis marxinado e con problemáticas sociais, económicas ou familiares evitando, así mesmo, o acoso escolar; igualdade e onde se valore, escoite e respecte a todas as persoas sen actitudes de superioridade e autoritarismo do profesorado sobre o alumnado; e unión e unidade, evitando os individualismos. En definitiva, queremos que os nosos centros educativos sexan unha verdadeira comunidade educativa.

7.2.- A nosa experiencia educativa durante a pandemia

Durante a pandemia vivimos unha experiencia educativa negativa e outra moi positiva. Os aspectos que máis nos afectaron negativamente foron:

- A desorganización, descoordinación e confusión por parte do profesorado. Mandáronos demasiados traballos á vez e con instrucións contraditorias. Sentimos moito abafo e percibimos todo o que nos pasou como un caos.
- A pouca flexibilidade e comprensión por parte dalgún profesorado que, nalgúns casos, foron demasiado esixentes.
- O pasotismo e falta de interese dalgún profesorado. Houbo mesmo casos de faltas de respecto cara ao alumnado.
- O pasotismo e a desconexión total dunha parte do alumnado.
- Os problemas tecnolóxicos que sufriu o profesorado, pero tamén o alumnado debido á falta de experiencia cos programas, a conexión de internet inestable, etc.
- Evidenciouse a falta de oportunidades, medios e recursos dalgún alumnado, como a carencia de conexión á rede ou computadora, o limitado apoio na casa, a falta de material educativo, etc.
- Moito alumnado necesitaba unha axuda próxima e presencial, un apoio emocional e educativo, e non o tivo.
- A sensación de soidade e abandono de alumnado e profesorado ante unha situación de “sálvese quen poida”.
- As excesivas esixencias burocráticas para o profesorado.
- E, en xeral, non ter unha información clara sobre o que sucedía coa angustia de non saber como afrontarnos á nova situación e ao futuro. A esta incerteza uniuse a sensación de falta de empatía coa situación de alumnado e o profesorado como persoas afectadas pola pandemia e o confinamento.



En cambio, recoñecemos como moi positivos os seguintes aspectos:

- Valoramos o importante que é o contacto físico e o presencial.
- Moito profesorado esforzouse para que, a pesar da distancia, o contacto co alumnado se sentise como moi próximo.
- O profesorado que xa era empático e amosaba preocupación polo alumnado antes da pandemia mostrou humanidade, proximidade, compromiso, adaptación, flexibilidade e motivación. Foron profes “seres de luz” que aclararon dúbidas e nos axudaron a alcanzar as metas.
- O profesorado que tivo vontade para solucionar os problemas e mellorar a situación que estabamos vivindo.
- O gozar de flexibilidade de horarios para organizarnos mellor e estar coa familia.
- Aprender a usar mellor as tecnoloxías. Para o profesorado foi todo un reto. Demostrouse que é posible unha reconsideración das metodoloxías de ensino e aprendizaxe. Existen os recursos, tan só é preciso o interese e impulso por parte das autoridades educativas.
- Valorar a sorte que temos por poder ir ao instituto e á Universidade.
- Valorar ás persoas que queremos e que nos queren.
- Gozar dunha oportunidade para o autocoñecemento.

7.3.- As nosas demandas para unha “educación desconfinada”

- Tomar as mellores decisións para garantir a seguridade e saúde de alumnado e profesorado nas aulas e nos centros educativos.
- Aumentar os medios e recursos dispoñibles, especialmente o persoal docente.
- Ofrecer información clara, transparente, veraz e non contraditoria cando se comuniquen decisións importantes sobre como afrontar a pandemia nos centros educativos.
- Reforzar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado, mellorando a organización dos centros educativos para que todo o persoal docente reme nunha mesma dirección.
- Motivar a unha maior implicación dos titores no acompañamento do alumnado.
- Reducir a carga burocrática que soporta o persoal docente, que lle rouba tempo para centrarse no acompañamento do seu alumnado.
- Mellorar a comunicación e a relación entre docentes e entre docentes e alumnado.
- Apostar pola educación emocional do alumnado, ofrecendo formación específica ao profesorado e mellorando a empatía do profesorado co alumnado.
- Recoñecer o esforzo de profesorado e alumnado por adaptarse emocional e tecnoloxicamente á nova realidade educativa.
- Establecer criterios flexibles que adapten as esixencias académicas e a carga de traballo do alumnado, reducindo os currículos e prestando menos atención aos contidos e máis ao desenvolvemento da escoita, a empatía, a intelixencia emocional, etc.
- Mellorar o uso e aproveitamento das novas tecnoloxías con formación específica tanto para alumnado como para profesorado.
- Diminuír a fenda dixital que sofre o alumnado e ofrecer medios técnicos compatibles coa nova realidade que non deixen a ninguén atrás.

- Que saiamos máis reforzados como sociedade, reflexionando sobre que mundo estamos a crear e que mundo queremos para o futuro.

8.- Referentes metodolóxicos

8.1.- A incidencia política

A incidencia política defínese como un **proceso individual ou grupal planificado que ten por obxectivo influír na axenda pública, na formulación, xestión e seguimento e avaliación das políticas públicas, e nas decisións das autoridades e institucións públicas co fin de promover un cambio social, político ou económico a nivel local ou global.**

As ONG de Desenvolvemento (ONGD) promoven accións de incidencia co fin de **apoderar á cidadanía** e influír e cambiar de xeito innovador as políticas públicas que afectan á erradicación da pobreza, a redución das desigualdades, a promoción dos dereitos humanos, ou a loita contra o cambio climático. Coas actividades de incidencia organizadas aspírase a promover a democracia participativa, a cidadanía activa e a redistribuír o poder político.

Esta guía de formación de activistas desenvolve un itinerario para a organización de grupos xuvenís e a planificación de actividades de incidencia política en prol do dereito a unha educación gratuíta, inclusiva e de calidade para todas as persoas a nivel local e global.

O itinerario proposto abrangue os seguintes elementos comúns ás accións de incidencia polo dereito á educación:


1. Desenvolver competencias para o **pensamento e a análise estratéxica.**
2. Reforzar o **coñecemento dos problemas relativos ao dereito á educación.**
3. Afianzar a capacidade para o **traballo en grupo e en rede.**
4. Fortalecer a capacidade para relacionarse cos **medios de comunicación** e o emprego de **redes sociais.**
5. Desenvolver a capacidade para relacionarse e **negociar** coas autoridades públicas e representantes políticos.
6. Adestrar a **xestión colectiva de recursos.**



8.2.- A educación como dereito humano fundamental

Un amplo marco normativo internacional recoñece a educación como un **dereito humano fundamental e inalienable**, obrigando aos Estados a facer efectivo o dereito á educación, a respectalo e a protexelo de tal modo que a súa cidadanía poida acceder sen obstáculos, restricións ou discriminacións a unha educación de calidade. Entre outros, destacamos: a Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), a Convención da UNESCO relativa á loita contra as discriminacións na esfera do ensino (1960), o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966), a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1981), a Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno (1989) ou a Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (2006).

Unha visión integral do dereito á educación recoñece a interdependencia entre tres dimensións esenciais (**acceso, calidade e respecto**) que, de vez, dan lugar a tres dereitos esixibles. En primeiro lugar, o **dereito ao acceso á educación** inclúe a necesidade de garantir a aprendizaxe ao longo de toda a vida, máis alá da nenez, e que o estado asegure a dispoñibilidade e accesibilidade da educación nun marco de igualdade de oportunidades para todas as persoas. En segundo lugar, o **dereito a unha educación de calidade** demanda que se conte cun programa de estudos amplo, pertinente e integrador que dote ás persoas dos coñecementos, competencias e habilidades necesarias para a súa vida persoal, profesional e cidadá e que aposte por una visión inclusiva da educación. Por outra banda, a aprendizaxe e a avaliación deben de ir alén da mera instrución, promovendo a dignidade e autonomía das persoas e a súa participación activa na sociedade creando unha contorna segura e saudable, especialmente para os nenos e nenas, que se oriente a garantir o benestar das persoas. Por último, débese garantir o **dereito ao respecto** no contorno de aprendizaxe, o que inclúe o respecto á identidade, aos dereitos de participación e á integridade física e mental, cunha especial atención ás minorías de calquera tipo e ás persoas en situación de desvantaxe. A educación debe fomentar a convivencia, a participación e as liberdades fundamentais, de modo que se desenvolvan prácticas democráticas na contorna educativa e se fomente unha cultura e valores de paz e resolución non violenta de conflitos.



8.3.- A participación xuvenil: apropiación e apoderamento

A través desta ferramenta de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación promoverase a participación activa e o apoderamento da mocidade a través da súa sensibilización, formación, concienciación e mobilización.

O obxectivo é fomentar a súa apropiación da reivindicación global polo dereito á educación, de tal xeito que lideren, como actores sociais, actividades de incidencia política. A **apropriación** implica priorizar a voz, o protagonismo e o liderado xuvenil no proceso de diagnóstico, análise e reflexión estratéxica que se desenvolve a través desta guía. Deste xeito, deberase situar como resultado a consecución dunha participación activa que se sitúe nos niveis superiores da escada da participación xuvenil, fomentando a progresiva autonomía e autoxestión do proceso de incidencia política (Hart, 1993).

En segundo lugar, deberase promover o **apoderamento** da mocidade participante, para que se fortalezan as súas capacidades, confianza e protagonismo para impulsar cambios positivos e liderar a transformación social. Este apoderamento deberá abranger tres niveis: a) o **poder persoal**, como desenvolvemento da autoestima, da confianza e da capacidade individual; b) o **poder nas relacións próximas**, en canto aumento da capacidade de negociar e influír nas relacións e nas decisións; c) e o **poder colectivo**, como participación nos espazos e estruturas políticas e na acción colectiva baseada no diálogo, a cooperación e a xeración de alianzas (Rowlands, 1997).

Xa que logo, no remate do proceso, a mocidade activista participante debería percibir un incremento do seu **"poder propio"** en canto confianza nas súas propias capacidades para participar e conseguir un cambio social; do seu **"poder con"** outras persoas para tomar decisións colectivas e imaxinar e construír alternativas; e do seu **"poder para"** conseguir transformacións sociais a través da súa actuación no espazo público e nas estruturas de participación cidadá formais e informais.



8.4.- A educación para a cidadanía global

A globalización ten espreguizado a conciencia da interdependencia e da corresponsabilidade de toda a humanidade no afrontamento e resolución dos principais problemas planetarios que se plasman, por exemplo, na Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable.

Neste contexto, esta proposta de formación de activistas nace no marco da educación para o desenvolvemento (EpD), concibida coma un paradigma e práctica educativa para a solidariedade que aposta na actualidade pola construción dunha identidade cosmopolita persoal e colectiva en chave de cidadanía global e pola transformación das estruturas globais de poder que xeran desigualdades e exclusión. Con este fin amplía o exercicio activo da cidadanía cara ao global desde a participación na comunidade local. En concreto, as ONGD promoven estes procesos educativos en colaboración cos axentes e institucións educativas desde un paradigma de educación para a cidadanía global crítica e liberadora que afirma os valores da solidariedade, fraternidade e xustiza social. Xa que logo, a EpD en canto educación para a cidadanía global pode ser definida como:

Proceso educativo permanente baseado en metodoloxías críticas e activas de aprendizaxe que procura a xeración de cidadáns globais activos, responsables, comprometidos e con conciencia crítica co fin de xerar unha cultura da solidariedade a nivel local e global que promova individual e colectivamente o cambio social de abaixo-arriba, a erradicación da pobreza e da exclusión e mais o desenvolvemento humano sustentable a través da participación cidadá inclusiva na definición e construción de institucións e políticas nacionais e internacionais baseadas en criterios normativos de xustiza social e global e na efectiva realización dos dereitos humanos (Pastoriza, 2014)

Este proceso educativo, ademais, debe de promover toda unha serie de **experiencias significativas** que aceleran a xeración dunha identidade e comunidade imaxinada de cidadáns globais. A partir da análise dos discursos e testemuños de cidadáns globais (Schattle, 2008) foi posible detectar dous conxuntos de conceptos que aparecen de xeito reiterativo nas historias de vida das persoas que se identifican como cidadáns globais. O círculo interior representa os conceptos primarios cunha presenza máis predominante nestes testemuños, mentres que o exterior abrangue os conceptos secundarios que son necesarios pero non suficientes para afirmar que estamos ante un cidadán global.

Xeralmente, as persoas que se recoñecen como cidadáns globais soen presentar un elevado grao de conciencia planetaria e sentimentos de corresponsabilidade respecto dos desafíos e problemas comúns da humanidade e contan con experiencias de compromiso cívico e participación sociopolítica. Por outra banda, estas persoas sitúan esta identidade dentro dun proceso máis amplo de procura de realización persoal e amosan unha sensibilidade intercultural froito de experiencias de mobilidade



internacional ou de residencia en contextos multiculturais. Por tanto, sería posible definir un conxunto de experiencias que facilitan o emerxer desta autoconciencia como cidadán global e que presentan unha maior produtividade á hora de xerar esta identidade. Existe consenso en sinalar que tanto as experiencias de mobilidade internacional por razóns de estudo ou traballo como de participación sociopolítica e de convivencia con realidades culturais diferentes operan como vectores mobilizadores deste proceso de construción de identidade. Xa que logo, estaríamos a falar dun conxunto de experiencias asociadas a procesos de cosmopolitización da nosa identidade que favorecen o compromiso sociopolítico para a resolución dos problemas locais e globais e a participación activa polo ben común planetario.

As actividades previstas nesta guía de formación de activistas xuvenís abranguen transversal e integralmente o conxunto de condicións de posibilidade identificados para o xurdimento dunha identidade e dunha práctica de cidadanía global. Ademais, temos presente o marco definido pola UNESCO relativo ás temáticas e obxectivos de aprendizaxe da educación para a cidadanía global e que identifica as seguintes **dimensións conceptuais** (UNESCO, 2015b, p. 15):



Cognitivo

Coñecer, comprender e reflexionar criticamente sobre problemas globais, rexionais, estatais e locais e sobre a interconectividade e interdependencia dos diferentes países e pobos.



Socio-emocional

Desenvolver un sentimento de pertencenza á humanidade común, compartir valores e responsabilidades, empatía, solidariedade e respecto polas diferencias e a diversidade.




Actitudinal


Actuar de forma eficaz e responsable a nivel local, estatal e global a prol da construción dun mundo máis pacífico e sostible.

A través da facilitación dun proceso colectivo de definición dunha estratexia de incidencia política en prol do dereito á educación, esta guía procura unha **capacitación das persoas mozas participantes** de tal xeito que, como resultado da súa participación, se identifique un aumento do seu coñecemento e sensibilización crítica respecto dos problemas relativos á educación a nivel local e global; das súas habilidades sociais para o traballo en equipo e da súa tolerancia e respecto pola diversidade; e do seu compromiso ético e responsabilidade social individual e colectiva na resolución dos problemas relativos á vulneración do dereito á educación.

Os principais resultados deste proceso de capacitación serían os seguintes consonte ao marco da ECG da UNESCO (2015b, p. 16):



Desenvolver unha comprensión crítica das estruturas de gobernanza global, dos dereitos e responsabilidades, dos problemas globais e das conexións entre os sistemas e os procesos locais, estatais e globais.



Recoñecer e apreciar a nosa humanidade común así como a diferenza e as múltiples identidades culturais, lingüísticas, relixiosas, de xénero, etc., desenvolvendo habilidades para vivir nun mundo cada vez máis diverso.



Desenvolver e aplicar habilidades imprescindibles para a educación cívica: investigación crítica, tecnoloxías da información, medios de comunicación, pensamento crítico, toma de decisións, resolución de problemas, negociación, cultura de paz e responsabilidade social e colectiva.




Recoñecer e examinar as creencias e valores vixentes e como estes inflúen nos procesos de decisión política e social, así como as percepciónes acerca da xusticia social e o compromiso cívico.



Desenvolver actitudes de coidado e empatía cara ás outras persoas, o medio ambiente e o respecto pola diversidade.



Desenvolver valores de equidade e xusticia social, e habilidades para analizar críticamente as desigualdades baseadas no xénero, condición socio-económica, cultura, relixión, idade, etc.



Participar e contribuir a nivel local, estatal e global á resolución dos problemas globais como cidadáns informados, comprometidos, responsables e sensibles.

8.5.- Competencias para unha cultura democrática

O Consello de Europa ten presentado un modelo conceptual das competencias que deben adquirir os estudantes para poder participar efectivamente nunha sociedade democrática culturalmente diversa. O obxectivo deste modelo é promover unha cultura da democracia afincada en actitudes, prácticas e valores democráticos e no diálogo intercultural.

O **modelo de competencias para unha cultura democrática** abrangue catro dimensións: valores, actitudes, habilidades, e coñecementos e comprensión crítica (Consello de Europa, 2018).

Valores • Valorar a dignidade humana e os dereitos humanos • Valorar a diversidade cultural • Valorar a democracia, a xustiza, a equidade, a igualdade e o Estado de Dereito	Actitudes • Apertura á diversidade cultural e outras crenzas, visións do mundo e prácticas • Respeto • Conciencia cívica • Responsabilidade • Autoeficacia • Tolerancia cara a ambigüidade
Habilidades • Aprendizaxe autónoma • Escolta e observación • Analíticas e de pensamento crítico • Empatía • Flexibilidade • Lingüísticas, comunicativas e plurilingües • Cooperación	Conocimiento y comprensión crítica • De si mesmo • Da linguaxe e da comunicación • Del mundo: política, lexislación, dereitos humanos, culturas, relixións, historia, medios de comunicación, economía, medio ambiente, sustentabilidade.

Xa que logo, esta guía de formación non só aspira a promover a xeración de activistas xuvenís cunha conciencia e experiencia de cidadanía global, senón que tamén reforza o proceso de adquisición das competencias necesarias para que as persoas mozas se desempeñen como cidadás activos, críticas e responsables no seu contorno máis inmediato. Por este motivo, fomentárase que todas as etapas da “viaxe do heroe e da heroína” se desenvolvan consonte aos valores, actitudes e habilidades mencionados reforzando a capacidade das persoas participantes para a deliberación, a negociación e o debate democrático nun marco de participación inclusiva e tolerancia.

8.6.- Obxectivos de aprendizaxe para o ODS 4

Conxuntamente coa educación para a cidadanía global e a educación para unha cultura democrática, a UNESCO está a promover activamente a **educación para o desenvolvemento sustentable** (EDS) que aparece recoñecida na meta 4.7. do ODS 4:

Asegurar que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sustentable, entre outras cousas, mediante a educación para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida sustentables, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía global e a valoración da diversidade cultural e a achega da cultura ao desenvolvemento sustentable

Tendo como horizonte a sensibilización, formación, concienciación e mobilización cidadá en relación aos ODS, a UNESCO ten publicado unha guía de obxectivos de aprendizaxe sobre os ODS que establece tres obxectivos en relación ao ODS 4 (UNESCO, 2017, pp. 18-19):

Obxectivos de aprendizaxe cognitivos	1. O alumnado comprende o importante rol que desempeñan as oportunidades de educación e aprendizaxe (formal, non formal e informal) ao longo de toda a vida, como principais impulsores do desenvolvemento sustentable co fin de mellorar a vida das persoas e acadar os ODS. 2. O alumnado concibe a educación como un ben público, un ben común mundial, un dereito humano fundamental e unha base para garantir que se cumpran outros dereitos. 3. O alumnado coñece a desigualdade no acceso e a consecución de educación, especialmente entre nenos e nenas en áreas rurais, así como sobre as razóns da falta de acceso equitativo ás oportunidades de educación de calidade e de aprendizaxe ao longo de toda a vida. 4. O alumnado comprende o importante rol da cultura para acadar a sostenibilidade. 5. O alumnado comprende que a educación pode axudar a crear un mundo máis sustentable, equitativo e pacífico.
Obxectivos de aprendizaxe socioemocionais	1. O alumnado toma conciencia da importancia da educación de calidade para todas as persoas no marco dun enfoque humanístico e holístico da educación. 2. O alumnado é quen, por medio de métodos participativos, de motivar e apoderar a outras persoas para que esixan e utilicen as oportunidades educativas. <i>Dominio persoal</i> 1. O alumnado é quen de recoñecer o valor intrínseco da educación e de analizar e identificar as súas propias necesidades de aprendizaxe para o seu desenvolvemento persoal. 2. O alumnado é quen de recoñecer a importancia das súas propias habilidades para mellorar a súa vida e en especial para o traballo e o emprendemento. 3. O alumnado é quen de se comprometer persoalmente coa EDS.
Obxectivos de aprendizaxe actitudinais	1. O alumnado é quen de contribuír para facilitar e implementar unha educación de calidade para todas as persoas. 2. O alumnado é quen de fomentar a igualdade de xénero na educación. 3. O alumnado é quen de esixir e apoiar publicamente a formulación de políticas que promovan unha educación equitativa, inclusiva e de calidade para todas as persoas, así como institucións educativas seguras, accesibles e inclusivas. 4. O alumnado é quen de promover o apoderamento da mocidade. 5. O alumnado é quen de empregar todas as oportunidades para a súa propia educación ao longo de toda a súa vida e de aplicar o coñecemento adquirido en situacións comúns para promover o desenvolvemento sustentable.

Para a consecución destes obxectivos de aprendizaxe relativos ao ODS 4, esta guía de formación fomenta o seguinte enfoque e método de aprendizaxe:


1. Planificar e realizar unha **actividade de incidencia política** en prol do dereito á educación que pode incluír campañas de sensibilización.
2. Realizar un **estudo de caso** no centro educativo participante co fin de identificar necesidades e demandas en relación a unha educación de calidade, inclusiva e equitativa.
3. Participar na **Semana de Acción Mundial pola Educación**.

8.7.- A competencia global

Desde 2018, o estudo PISA promovido pola OCDE ten integrado a avaliación da competencia global que se define como:


A capacidade de analizar asuntos globais e interculturais, valorar distintas perspectivas desde o respecto polos dereitos humanos para interrelacionarse con persoas de diferentes culturas, e emprender accións polo ben común e o desenvolvemento sustentable (OCDE, 2018, p. 5).

Xa que logo, os sistemas educativos deben de fomentar a aprendizaxe global de tal xeito que o alumnado sexa quen de analizar criticamente as cuestións globais e cobre conciencia do impacto que as persoas poden ter nelas. Con este fin, nos centros educativos deben estar presentes cuestións relativas ao desenvolvemento humano e á interdependencia socioeconómica, ás relacións culturais e interculturais, á sostenibilidade ambiental, e ás institucións, conflitos e dereitos humanos.



Os medios para integrar estas temáticas poden ser a través do proxecto educativo de centro, de xeito transversal ou na programación de determinadas materias, como unha materia autónoma, ou ben con base en experiencias de educación non formal, como a que ofrece esta guía de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación.

A competencia global integra as dimensións do coñecemento, valores, actitudes e habilidades, consono ao seguinte modelo (OCDE, 2018, p. 15):



Este modelo de competencia global de PISA establece que os niveis de competencia do alumnado evolucionarían gradualmente desde o decatarse de que as demais persoas teñen distintos puntos de vista sobre o mundo e un maior coñecemento da realidade do mundo até unha conciencia máis profunda da diversidade cultural e da capacidade de empatizar coas demais persoas, para rematar nunha comprensión maior dos sistemas que subxacen nas dinámicas globais e culturais. Desde a perspectiva desta guía, habería que engadir expresamente un nivel de competencia final que sería a conciencia do poder persoal e colectivo para conseguir cambios sociais, políticos, económicos e culturais e a mobilización efectiva e participación activa para conseguilos.

8.8.- Movendo os marcos para o activismo xuvenil

As persoas facilitadoras desta guía de formación deben de coñecer os **valores** que o movemento global polo dereito á educación mobiliza a través das súas campañas, comunicados de prensa, materiais de sensibilización, actividades de incidencia, etc. Neste senso, as persoas facilitadoras deben de ser conscientes de que a linguaxe non é neutra senón que actúa activando **marcos mentais** que, en canto estruturas mentais que organizan as ideas e os conceptos, nos permiten comprender a realidade,

regulan como razoamos e condicionan como comprendemos a realidade e como actuamos. Neste senso, os marcos mentais constrúen a realidade na que vivimos e determinan a nosa actitude favorable ou rexeitamento das propostas de transformación social orientadas a unha maior igualdade, xustiza social ou sostenibilidade (Darnton & Kirk, 2011). Para cambiar estes marcos mentais cómpre realizar un traballo sobre a linguaxe, mais tamén sobre as prácticas sociais, as institucións e as políticas públicas (Crompton, 2010). Neste senso, os coñecementos, actitudes, valores e habilidades adquiridos a través do desenvolvemento desta guía de formación operan na liña de reforzar os marcos mentais propios dunha racionalidade emancipatoria. De aí que suxiramos as seguintes **mensaxes** como activadoras e motivadoras da mocidade participante nas prácticas e actividades previstas:

Todas as persoas estamos dotadas de dignidade e debemos de gozar dos mesmos dereitos e das mesmas oportunidades	• A exclusión do acceso a unha educación de calidade constitúe unha vulneración dos dereitos humanos. • Facilitar unha educación de calidade a todas as persoas no mundo é un deber de xustiza social
Todas as persoas podemos participar de forma activa e responsable para cambiar o mundo	• Para cambiar o mundo debemos redistribuír o poder e reformar as institucións para conseguir a educación para todas as persoas. • A participación debe procurar o ben común a nivel local e global: universalizar a educación aumenta o benestar e felicidade da humanidade
Todas as persoas estamos dotadas de empatía e capacidade de indignación	• Todas as persoas somos quen de poñermonos na pel das persoas excluídas do dereito á educación por causas diversas • A indignación debe mobilizar as nosas enerxías e servir de motivación para o compromiso co dereito á educación para todas as persoas
Todas as persoas sentímonos realizadas e felices cando melloramos a vida doutras persoas	• A solidariedade expresa a capacidade de amar á humanidade e ao planeta • A cooperación entre as persoas é mellor que a competencia, o egoísmo, a desconfianza e a búsqueda do propio interese

PARTE II: 12 ETAPAS PARA CAMBIAR O MUNDO

9. Presentación para centros educativos

9.1.- Un soño compartido!

As persoas que cremos na educación como motor de cambio persoal e transformación social compartimos un soño: que o dereito a unha educación gratuíta, pública e de calidade sexa unha realidade para todas as persoas, ao longo de toda a súa vida e en todo o mundo.

A pesar dos grandes avances conseguidos a nivel mundial, aínda quedan moitos desafíos pendentes. Unicamente conseguiremos superalos coa suma de esforzos dos gobernos, a sociedade civil, as ONG, os centros educativos, os profesionais da educación, os e ás estudantes e todas as persoas comprometidas co dereito humano á educación.

Estamos firmemente convencidos de que a mocidade galega debe liderar a reivindicación de máis e mellor educación para todas as persoas. Desde 2003 tense mobilizado polo dereito á educación. Pero sabemos que podemos facelo mellor para que sexan protagonistas reais e voz comprometida do cambio que promovemos. Para que se convertan, en definitiva, en auténticos embaixadores e embaixadoras do dereito á educación. Velaquí o sentido de presentar esta proposta de educación transformadora polo dereito á educación.

9.2.- Que ofrecemos?

- Un proceso de formación de activistas xuvenís polo dereito á educación con tres obxectivos:
 - a. Deseñar e executar unha campaña de incidencia en favor da educación.
 - b. Formar en creatividade, traballo en equipo, oratoria, ciberactivismo, arte para o cambio social, etc.
 - c. Consegir cambios positivos en favor da educación no instituto, en Galicia e no mundo.
- Un proceso formativo integral co fin de capacitar e apoderar aos e ás estudantes para que se convertan en activistas conscientes e críticos capaces de defender publicamente unha causa xusta.

9.3.- Para quen?

- **Mozos e mozas estudantes de secundaria e bacharelato** de centros de ensino público de Galicia, cos seguintes criterios:
 - Con motivación e gañas para cambiar o mundo.
 - Con compromiso de asistencia a todas as sesións formativas e actividades do proceso. Salvo causa de forza maior, a falta de asistencia a unha das sesións do proceso implicará a exclusión automática do mesmo.
 - Que superen o proceso de selección.
 - Que conten coa autorización das súas familias.

- **Docentes de secundaria e bacharelato** de centros de ensino público de Galicia, cos seguintes criterios:
 - Que coñece ou ten participado previamente en actividades solidarias.
 - Comprometido/a coa educación transformadora e para o cambio social.
 - Que coñece ao seu alumnado e con habilidades para o acompañamento.
 - Que cre no liderado e apoderamento xuvenil.
 - Con dispoñibilidade para a asistencia a todas as sesións do proceso.
 - Motivado/a para desenvolver as seguintes responsabilidades:
 - Xestionar as autorizacións, compromisos de participación, cartas de motivación, avaliacións, etc., que se demanden desde a organización.
 - Actuar como enlace do grupo de estudantes e o centro educativo coa organización.
 - Orientar, guiar, motivar e animar o grupo durante as sesións.
 - Participar como observador/a do proceso formativo e achegar *feedback* ao equipo de persoas facilitadoras e mais ao alumnado participante.

9.4.- Onde e cando?

- Ao longo do curso académico.
- Durante todo o curso, realizarase un acompañamento e seguimento activo co grupo no centro educativo por parte do equipo dinamizador do proxecto.



Planificación e selección de centros educativos

Polas persoas coordinadoras do proceso.



Presentación docentes e centros educativos

Entrevistas para a presentación do proceso.



Compromisos de participación

Do profesorado e dos centros educativos.



Formación interna

Coas persoas facilitadoras, dinamizadoras, loxistas e os docentes.



Seguimiento en centros educativos

Polas persoas coordinadoras do proceso



Liña de base

Situación inicial de partida nos obxetivos de aprendizaxe para o ODS 4



Encontros de formación

Para o deseño de campaña de incidencia política



Selección de alumnado

Mediante carta de motivación, suxestión dos docentes e entrevistas personais



3 obradoiros de capacitación

Oratoria
Deseño de campañas multimedia e novas narrativas dixitais
Expresión artística para o cambio social



Indicencia política no centro educativo

Cambios positivos no centro educativo



Incidencia política autonómica e local

Con autoridades políticas autonómicas e locais



Redes estatais e internacionais

Asistencia e participación activa



Divulgación

Redes sociais, medios de comunicación, etc



Aprendizaxes

Retroalimentación
Aprendizaxes



Actividades de avaliación

Avaluación externa
Avaluación interna
Indicadores

10.- Instrutivo para o desenvolvemento das sesións

Obxectivo: capacitar e apoderar ás persoas participantes para planificar e executar unha actividade de incidencia política a prol do dereito á educación.

Persoas destinatarias: grupos de mozos e mozas de ensinanza secundaria ou bacharelato.

Número de persoas por grupo: máximo de 20 persoas.

Previamente:

- Planifica as sesións, duración, contidos co docente responsable do grupo.
- Demanda un compromiso de participación aos mozos e mozas para que poidan completar o conxunto de sesións previstas.
- Adapta as actividades previstas tanto ao teu estilo de facilitación como ao grupo que vai participar nas sesións.
- Identifica previamente se existen necesidades educativas especiais ou calquera outro factor que esixa unha atención específica.

Durante o desenvolvemento das sesións:

- Emprega unha variedade de actividades para implicar ao grupo e manter a súa atención.
- Concede tempo para a reflexión e facilita que as persoas participantes poidan analizar e expresar as súas propias ideas e conclusións.
- Fomenta que as persoas participantes compartan as súas experiencias.
- Constrúe en todo momento un ambiente de confianza.
- Concede tempos de descanso en caso de percibir cansazo no grupo.

Ao rematar o conxunto das sesións:

- Comunica os resultados das sesións ás persoas participantes e ofrécelles oportunidades para seguir comprometidas co dereito á educación.
- Reflexiona sobre que cousas farías diferente en vindeiras ocasións empregando as avaliacións das persoas participantes.

Elementos para o bo desenvolvemento das sesións:

Cada grupo, sesión, centro educativo é diferente. Por este motivo, hai que adaptar sempre as dinámicas, ritmo e estilo en función de quen asiste e de onde se desenvolven as sesións. De todos os xeitos, é posible identificar os seguintes cinco elementos (Adaptado de Plan, 2014, pp. 7-8):

1.- Comezo de cada sesión

- Configura o espazo da sala onde terá lugar a sesión. Asegúrate de que todas as persoas se poidan mirar e escoitar e que todas poidan participar.
- Sitúa en lugar visible o xa traballado en sesións previas.

- Cando cheguen as persoas vailles dando a benvinda de xeito amigable e fainas sentir a gusto desde o comezo.
- Comeza a sesión preguntando como se atopan, se veñen con gañas, e se teñen algo importante que compartir.
- Explica o obxectivo de cada sesión previamente, a duración, e motívaos para participar activamente.
 - Resume brevemente o traballado en sesións anteriores para refrescar as ideas e o realizado.

2.- Presentación

- Cando queiras explicar unha idea polo miúdo podes realizar unha presentación breve. Tenta que estean centradas no tema e que sexan relevantes para o grupo. Cando o grupo estea a compartir, a pensar e reflexionar por si mesmo, evita interrompelos.
- Usa diferentes medios para as presentacións: vídeos, imaxes, historias. Podes aproveitar os seus móbiles para que visualicen vídeos, imaxes, noticias.
- Usa exemplos da vida real e da contorna máis próxima.
- Avanza sempre do máis simple ao máis complexo.
- Comproba que todo o mundo entende o senso do que se está a traballar e permite que fagan preguntas antes de iniciar unha nova actividade.
- Deixa o tempo suficiente para preguntas ao rematar as túas presentacións.
- Ao final de cada presentación, resume os tres puntos máis importantes para axudar ao grupo a lembrar.

3.- Actividades participativas

- As actividades que permiten ás persoas moverse e pensar favorecen a aprendizaxe.

a) Comezo da actividade

- Ofrece sempre instrucións claras, indicando o tempo dispoñible para cada actividade.
- Se a actividade é complexa, explícaa paso por paso.
- Explica por que se está a facer cada actividade e que se espera que o grupo consiga da mesma.
- Se ao final da actividade está previsto un momento de compartir conclusións, ideas, etc., define con claridade que é o que interesa saber e canto tempo terán.
- Comproba que todo o mundo comprende a actividade antes de comezar.

b) Durante a actividade

- Observa ao grupo e comproba que todo o mundo está implicado na actividade.
- Sitúate en lugar visible para que poidan consultarche o que o grupo precise. Evita moverte observando por riba dos seus ombreiros.
- Mantén unha actitude positiva e ofrece motivación e apoio durante a actividade.
- Informa regularmente de canto tempo teñen dispoñible.

c) *Peches da actividade*

- Deixa tempo para preguntas ou debate.
- Resume a actividade pedindo ao grupo que reflexione e comparta os seus sentimentos ou ben aquilo que aprenderon.
- Remata resumindo as aprendizaxes e reforzando o obxectivo procurado coa actividade.

4.- Debate no grupo

a) *Presentación do debate*

- Explica o tema a ser debatido e que se procura con ese debate en forma de preguntas.
- Pregunta se todo o mundo comprende o sentido do debate e se hai algunha cuestión.

b) *Durante o debate*

- Sitúate nun lugar secundario para permitir que o grupo debata autonomamente.
- Escoita con atención en caso de que algún punto necesite aclaración ou o debate se afaste do obxectivo.
- Motiva a que todas as persoas participen.
- Lembra as normas do grupo se fose necesario (todas as persoas participan, respectar as quendas de palabra, non interromper...).

c) *Peches do debate*

- Resume o debate e formula as seguintes cuestións:
 - Como te sentiches?
 - Que aprendiches?
 - Houbo algo que te sorprendese?
 - Que foi o máis interesante para ti do debate?
- Resume os puntos principais e revisa co grupo por se esqueceses algo.
- Recupera o obxectivo do debate e por que o debate foi importante.

5.- Peches das sesións

- Resume o obxectivo da sesión e como se foi desenvolvendo.
- Ofrece tempo para preguntas e valoracións da sesión.
- Avalía a sesión coas persoas participantes co fin de mellorar as seguintes sesións: que foi ben, que non gustou, por que.
- Agradece a súa participación e motívaos para as seguintes sesións.
- Convida a axudar a recoller a sala, ordenala e deixala limpa.

11.- Etapas e actividades do proceso de formación

ETAPA1: O MUNDO COTIÁ: IDENTIFICANDO OS PROBLEMAS

Actividade 1.1 BENVIDA:

 Obxectivo	 Materiais
Presentarte, presentar o equipo facilitador e o movemento cidadá global polo dereito á educación e explicar o obxectivo do conxunto de sesións.	Vídeos CME. Infografías da parte I da Guía.

Actividade 1.2. ESTABLECEMENTO DAS NORMAS DO GRUPO

 Obxectivo	 Materiais
Definir as normas do grupo que serán válidas durante o desenvolvemento das sesións.	Folios, bolígrafos, post-it.

- **Desenvolvemento:**

- Cada persoa participante di unha norma e consensúase co resto.
- Recóllense as normas nun folio A3 que estará colocado en lugar visible todas as sesións de formación.

Actividade 1.3. PRESENTACIÓN E COÑECEMENTO MUTUO

 Obxectivo	 Materiais
Favorecer o coñecemento mutuo e identificar capacidades e experiencias previas das persoas participantes.	Cuestionario, cuestionario en A3, papel corrido, bolígrafos, rotuladores, post-it.

- **Desenvolvemento:**

- Cada persoa recibe unha folla con nove cuestións que deben resolver preguntando aos compañeiros/as.
 - Deben resolver as nove cuestións.
 - Non poden contestar as cuestións por si mesmos.
 - Cada cuestión debe ser contestada por unha soa persoa.
- Unha vez rematado, a persoa facilitadora pregunta a cada participante sobre cada cuestión e identifica no cuestionario en A3 ás persoas que teñen respondido afirmativamente en cada unha das cuestións.
- Resumir as capacidades e experiencias identificadas.

Atopo algunha persoa que diga con sinceridade:

1. Teño talento artístico (música, debuxo, teatro, baile...). Cal? Nome:	2. Gústame vir ao Instituto/ Colexio. Nome:	3. Teño falado en público ante un gran grupo de xente. Nome:
4. Penso que a educación que recibimos se pode mellorar. Nome:	5. Teño participado nalgunha campaña internacional (educación, medioambiente, paz). Nome:	6. Teño asinado peticións online para conseguir cambios e melloras. Nome:
7. Teño participado nalgunha reunión cun político. Nome:	8. Sei o que significa a palabra "incidencia". Nome:	9. Teño sido ou son responsable dalgunha actividade, grupo, etc. Nome:


Actividade 1.4. EXPECTATIVAS E OBXECTIVOS

 Obxectivo	 Materiais
Favorecer o coñecemento mutuo e identificar as expectativas e obxectivos das persoas participantes respecto do proceso participativo.	Folios co corazón, diana en tamaño A3, folios con frechas, bolígrafos, rotuladores, post-it.

• Desenvolvemento:



1.4.1. O meu corazón:

- Participan todas as persoas, incluídas as facilitadoras.
- Identificar:
 - **Esperanzas:** o que penso que imos conseguir con esta experiencia a nivel colectivo e grupal.
 - **Medos:** o que temo desta experiencia.
 - **Expectativas:** o que espero desta experiencia.
 - **Equipaxe:** o que me quero levar desta experiencia.
- Compartir co grupo.



1.4.2. Os meus obxectivos:

- Participan todas as persoas, incluídas as facilitadoras.
- Sitúase na parede a diana de cores.
- Entréganse dúas frechas a cada participante para que escriban os seus obxectivos respecto do programa. Poden usar o expresado no corazón (equipaxe, expectativas).
- Compartir co grupo.



Actividade 1.5. DEFINICIÓN DE INCIDENCIA POLÍTICA

 Obxectivo	 Materiais
Construír en man común unha definición de incidencia política.	Post-it, lista de palabras de incidencia, bolígrafos, papel corrido.

• **Desenvolvemento:**

- Dividimos o grupo en parellas. As persoas non se deben de coñecer previamente.
- Entrégaselles pos-it e lista de palabras de incidencia. Deben responder individualmente ás seguintes preguntas: Cal destas palabras cres que é a máis importante en relación á incidencia? Por que?
- A resposta a esta pregunta deben escribila nun post-it e pegala no mural coas palabras en grande.
- Cada persoa presenta á súa parella incluíndo a resposta á pregunta sobre a incidencia.
- Revísase o concepto de incidencia coas achegas das persoas participantes.

Lista de palabras vinculadas á incidencia: Cal destas palabras cres que é a máis importante en relación á incidencia? Por que?

PROCESO	INDIVIDUO	GRUPO
CIDADANÍA	MOVEMENTOS SOCIAIS	LOBBY/GRUPOS DE PRESIÓN
INFLUÍR/INFLUENZA	AXENDA PÚBLICA POLÍTICAS PÚBLICAS	CAMBIOS
MELLORAS	POSITIVOS	INTERESES
PRINCIPIOS	VALORES	CONVICCIÓNS
NEGOCIACIÓN	PRESIÓN	CAMPAÑAS
PERSUASIÓN	DECISIÓNS	ACTIVISTAS
INSTITUCIÓNS	POLÍTICOS/POLÍTICAS	PODER
COMPROMISOS	DENUNCIAR	MOBILIZACIÓN
INVESTIGACIÓN	SENSIBILIZACIÓN	FORMACIÓN

Actividade 1.6. OS PROBLEMAS DO MUNDO



Obxectivo

- Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.
- Identificar os problemas que queren afrontar os diferentes ODS.

Alternativa 1



Materiais

17 ODS en A4 impresos independentemente, bolígrafos, rotuladores, post-it.

• Desenvolvemento:

- Explícase a orixe dos ODS e da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable e rétase ao grupo a identificar cales son os principais problemas da humanidade.
- Divídese o grupo grande en 4 grupos e entrégase un número igual de ODS a cada grupo. Como os ODS son impares, haberá un grupo cun ODS extra.
- Cada grupo deberá identificar que problemas locais, estatais ou globais hai detrás de cada ODS. Escriben en post-it os problemas asociados a cada ODS.
- Comparten co gran grupo e poñen no chan ou pegan na parede cada ODS cos post-it cos problemas identificados.
- Resúmense os ODS e os problemas identificados.
- Motívase a pensar e reflexionar se a humanidade será capaz de resolver estes problemas globais antes de 2030.
- Sintetizar no papel corrido os argumentos optimistas e pesimistas. Non reflexionar sobre eles. Quedarán para unha fase posterior.

Alternativa 2



Materiais

- Taboleiro, cartas de preguntas, regras do xogo, dado xigante e fichas do xogo "Go Goals!".
- O xogo sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, "Go Goals" foi creado e deseñado polo Centro Rexional de Información das Nacións Unidas (UNRIC), en colaboración co artista Yacine Ait Kaci (IAC), creador de Elyx.
- O taboleiro do xogo, fichas e instrucións pode descargarse en: <https://go-goals.org/es/>.

• Desenvolvemento:

- Colócase o taboleiro. Explícanse as regras do xogo.
- Divídese o grupo en 4 grupos e xógase en equipo.
- Ao rematar o xogo, resúmense os ODS e os problemas identificados.

Actividade 1.7. UN INSTITUTO/COLEXIO FLIPANTE: I HAVE A DREAM!

 Obxectivo	 Materiais
• Reflexionar sobre que elementos fan a un centro educativo “flipante”. • Compartir que desafíos e oportunidades existen no seu centro educativo. • Identificar posibles ideas para a acción ou para a incidencia no propio centro educativo.	Folios co Instituto/Colexio flipante, bolígrafos, rotuladores, tarxetas cos problemas educativos.

• **Desenvolvemento:**

- Divídese en 4 grupos diferentes ao gran grupo e entrégase unha folla para que visualicen un Instituto/Colexio flipante, mais tamén que cousas lles molestan ou lles gustan do seu centro educativo.
- Entréganse as tarxetas con problemas educativos para facilitar o diálogo.
- Explícase que cada grupo debe debater e consensuar en que consiste un Instituto/Colexio flipante seguindo o esquema entregado. Poden engadir debuxos, cores.
- Póñense en común as conclusións de cada grupo.
- Os problemas identificados no centro educativo deixaranse para unha fase posterior.

Un Instituto/Colexio flipante é...	
O que nos molesta: En que cousas pode mellorar o noso Instituto/Colexio...	O que nos gusta: Que cousas boas ten o noso Instituto/Colexio...

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD 	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	ABANDONO ESCOLAR: dejar el centro educativo
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD 	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	FRACASO ESCOLAR: no superar el curso
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD 	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	APRENDIZAJES DE POCA CALIDAD
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD 	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	PROFESORADO DESMOTIVADO
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD 	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	“NI-NIS”: NI ESTUDIAN NI TRABAJAN
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD 	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	APRENDIZAJES POCO ÚTILES
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	ORIENTACIÓN VOCACIONAL Y PROFESIONAL INSUFICIENTE
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	INSTALACIONES POCO SEGURAS, DEFICIENTES O INSUFICIENTES
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas
	ALUMNADO EN SITUACIÓN DE POBREZA O MARGINACIÓN

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

DESIGUALDAD DE GÉNERO

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

BECAS INSUFICIENTES

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

PROGRAMAS DE ESTUDIO IMPOSIBLES

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

DISCRIMINACIONES

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

VIOLENCIAS VISIBLES E INVISIBLES

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

INTOLERANCIA

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

POCA PARTICIPACIÓN

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

POCA DEMOCRACIA

4 EDUCACIÓN DE CALIDAD



Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todas las personas

REPRESIÓN / AUTORITARISMO

Actividade 1.8. OS PROBLEMAS DA EDUCACIÓN NO MUNDO

 Obxectivo	 Materiais
Reflexionar sobre os problemas da educación no mundo.	Folios cos problemas de educación no mundo (Apartado 4 desta guía). Bolígrafos, rotuladores, post-it, papel corrido cunha árbore debuxada.

- **Desenvolvemento:**

- Recupérase o que as persoas participantes reflexionaron sobre o ODS 4 na parte dedicada aos problemas do mundo ou os problemas que aparecen nas tarxetas do xogo Go Goals!
- Divídese en 4 grupos diferentes ao gran grupo e entrégase unha folla para que compartan os principais datos dos problemas da educación no mundo. Deben reflexionar sobre as causas que provocan estes datos. Cada unha das causas será escrita nun post-it.
- Poden consultar na [web das Nacións Unidas sobre o ODS 4](#).
- Póñense en común as conclusións de cada grupo e os post-it péganse na árbore debuxada para realizar unha árbore de problemas.

Actividade 1.9. REVISIÓN DA ETAPA 1

- Brevemente recapitular o realizado durante a etapa e as principais ideas, resultados e aprendizaxes.
- Abrir un tempo para preguntas.
- Agradecer a súa participación e explicar o obxectivo das seguintes etapas.
- Rematar cunha aperta colectiva polo traballo ben feito.
- Sacar unha foto de grupo diante dos produtos elaborados.

ETAPA 2: A CHAMADA Á AVENTURA: “EU SON O CAMBIO, EU PODO CAMBIAR O MUNDO”.

Actividade 2.1. BENVIDA

 Obxectivo	 Materiais
Revisar o traballado na etapa 1.	O traballado na etapa 1 (papel corrido, instituto/colexio flipante, árbore de problemas, etc).

- **Desenvolvemento:**

- Preguntar ao grupo como se atopa. Se teñen algo importante que comunicar ao grupo, se algo lles quedou pendente da etapa 1.
- Revisar co grupo todo o traballado na etapa 1.
- Explicar a estrutura e obxectivos da etapa 2.

Actividade 2.2. PLAY-LIST: OUTRO MUNDO É POSIBLE SE... GAÑAMOS EUROVISIÓN

 Obxectivo	 Materiais
Motivar a participar polo cambio.	Altofalantes, conexión a Internet e canón proxector (senón pódense empregar os móbiles). Papel corrido. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it. Folios co texto de Eduardo Galeano.

- **Desenvolvemento:**

- Divídese ás persoas participantes en 4 grupos.
- Pídese a cada grupo que seleccione 3 cancións que motiven a participar polo cambio, a soñar un outro mundo posible, a construír esperanza.
- Cada grupo presenta a súa play-list e reproducense as cancións. Ao rematar a play-list, vótase para escoller a mellor canción. As puntuacións outorgadas por cada grupo serán 12, 10 e 8 puntos, imitando Eurovisión.
- A canción gañadora será nomeada “himno oficial do proceso formativo”.
- Invítase ao grupo a bailar ou facer coreografía da canción se a coñecen.
- Révisase co grupo a mensaxe das cancións. Póñense en común as principais ideas, sentimentos, emocións que espertan no grupo as cancións seleccionadas.
- Ao rematar entrégase e lese o texto de Eduardo Galeano “El Mundo” (*Libro de los abrazos*, Madrid: Siglo XXI, 1993).
- Finalízase a actividade preguntando ao grupo “Que tipo de lume queremos ser cadaquén?”. A resposta non se comparte.

Actividade 2.3. REVISIÓN DA ETAPA 2

- Brevemente recapitular o realizado durante a etapa e as principais ideas, resultados e aprendizaxes.
- Abrir un tempo para preguntas.
- Agradecer a súa participación e explicar o obxectivo das seguintes etapas.

ETAPA 3: REXEITAMENTO DA CHAMADA: OS NOSOS MEDOS E RESISTENCIAS AO CAMBIO

Actividade 3.1. BENVIDA

 Obxectivo	 Materiais
Revisar o traballado na etapa 2.	O traballado na etapa 2.

- **Desenvolvemento:**

- Preguntar ao grupo como se atopa. Se teñen algo importante que comunicar ao grupo, se algo lles quedou pendente da etapa 2.
- Revisar co grupo todo o traballado na etapa 2.
- Explicar a estrutura e obxectivos da etapa 3.

Actividade 3.2. LUMES QUE SE APAGAN: OS MEDOS E RESISTENCIAS AO CAMBIO

 Obxectivo	 Materiais
• Analizar as emocións básicas. • Analizar os medos e as resistencias persoais e colectivas ao cambio.	Papel corrido. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it. Folios co cadro de emocións básicas.

- **Desenvolvemento:**

- Explícase ao grupo que existen seis emocións básicas, compartidas por todas as persoas e culturas: tristura, felicidade, sorpresa, noxo/asco, medo e ira/carraxe.
- Entrégase a cada membro do grupo un folio coas seis emocións básicas. Completan individualmente o cadro.
- Cada membro do grupo comparte cada unha das súas emocións básicas e as situacións e contextos en que se producen. Dáse liberdade para unicamente compartir o que estimen oportuno.
- Pregúntase polas súas emocións en relación aos problemas sociais: pobreza, fame, violencia, violación dos dereitos humanos, etc.
- Convidase ao grupo a centrarse no medo. Explícase que o medo non é positivo nin negativo, xa que é un mecanismo de supervivencia que permite responder a situacións adversas ou

ameazadoras con rapidez e eficacia. Todas as persoas sentimos medo. As persoas valentes son as que saben xestionar con maior eficacia o medo.

- Pregúntase en que lugar físico senten o medo (estómago, cabeza, pernas...).
- Pídese que en 4 grupos completen o folio coas consecuencias do medo.
- Comparten co grupo as consecuencias do medo. A persoa dinamizadora pode explicar que son tres as reaccións básicas ante o medo:
 - **Evitar**: desaparece o medo pero modifica a miña vida porque tratamos de impedir que suceda o que nos dá medo.
 - **Fuxir**: desaparece a situación, pero non se resolve, xa que só nos afastamos do que nos dá medo.
 - **Afrontar**: enfrontase á situación que nos dá medo, asumindo que pode ser exitosa, total ou parcialmente, ou ben que podemos fracasar.
- Pídese ás persoas participantes que indiquen solucións e alternativas ao medo. Recóllense no papel corrido estas solucións e alternativas.

As emocións básicas: tristura, felicidade, sorpresa, noxo/asco, medo, ira/carraxe	
Síntome triste cando...	Sinto noxo/asco cando...
Son feliz cando...	Sinto medo cando...
Sinto sorpresa cando...	Sinto ira/carraxe cando...
As consecuencias do medo	
Síntome vulnerable e desprotexido/a cando...	Síntome paralizado/a cando...
Síntome ameazado/a e en estado de alerta cando...	Obsesiónome cando...
Síntome impotente cando...	Síntome culpable cando...

Actividade 3.3. REVISIÓN DA ETAPA 3

- Brevemente recapitular o realizado durante a etapa e as principais ideas, resultados e aprendizaxes.
- Abrir un tempo para preguntas.
- Agradecer a súa participación e explicar o obxectivo das seguintes etapas.

ETAPA 4: O ENCONTRO CO MENTOR: A VIDA DE MALALA

Actividade 4.1. BENVIDA

 Obxectivo	 Materiais
Revisar o traballado na etapa 3.	O traballado na etapa 3.

- **Desenvolvemento:**

- Preguntar ao grupo como se atopa. Se teñen algo importante que comunicar ao grupo, se algo lles quedou pendente da etapa 3.
- Revisar co grupo todo o traballado na etapa 3.
- Explicar a estrutura e obxectivos da etapa 4.

Actividade 4.2. “ÉL ME LLAMÓ MALALA”

 Obxectivo	 Materiais
Motivar ao compromiso persoal e colectivo por unha causa social tomando como exemplo a vida de Malala.	Altosfalantes, conexión a Internet e canón proxector. Documental “Él me chamou Malala” (Duración 90 minutos).

Alternativa 1

- **Desenvolvemento:**

- Explícase ao grupo que existen persoas que vencen os medos, as ameazas e se comprometen para conseguir cambios e melloras para a súa comunidade e para a humanidade enteira.
- Divídese o grupo en 3 subgrupos. A cada grupo se lle encomenda unha investigación en Internet usando os móbiles.
 - Grupo 1.- En que contexto naceu e viviu Malala: principais problemas, características físicas, culturais, políticas do seu país Paquistán.
 - Grupo 2.- Que lle pasou a Malala e por que é tan recoñecida a nivel internacional.
 - Grupo 3.- Que podemos aprender da vida de Malala.
- Cada grupo comparte as súas conclusións da investigación. Pregúntase sobre a xestión do medo de Malala e sobre que tipo de lume cren que é o de Malala sobre a base do texto de Eduardo Galeano.
- Visiónase o documental “Él me chamou Malala” e realízase sesión de vídeo-fórum revisando as súas respostas grupais anteriores.

Alternativa 2

- **Desenvolvemento:**

- A persoa facilitadora le a primeira parte da biografía de Malala para contextualizar o documental.
- Rematado o documental pedirase que expresen os seus sentimentos.
- Remátase de ler o resto da biografía de Malala.

A historia de Malala (resumo da súa vida)

Malala Yousafzai nace o 12 de xullo de 1997 no distrito de Swat, ao noroeste de Paquistán, nunha familia musulmá. Actualmente, ten 22 anos. Seu pai é poeta e dono dunha rede de colexios que el mesmo creou na zona onde vivían en Paquistán. Con 11 anos, comezou a falar sobre os dereitos da educación: “Como se atreven os talibáns a quitarme o meu dereito básico á educación?”, dixo nun discurso nun pequeno local do seu barrio. Con 12 anos comezou a traballar como educadora nun programa para axudar ás persoas novas a participar en debates sobre cuestións que lles importaban.

Cando un grupo Talibán (grupo terrorista e extremista que defende a violencia, o sometemento da muller ao home e a falta de liberdades e dereitos civís) se asentou na zona onde ela vivía, prohibiu a asistencia das nenas á escola. Pouco tempo despois, Malala foi vítima dun atentado cando ía camiño da escola.



[Despois do visionado do documental]

Na tarde do día 9 de outubro de 2012, cando tiña 15 anos, subiu como todos os días á camioneta que a trasladaba á escola. Un home armado do grupo terrorista talibán abordou a camioneta e preguntou “Quen é Malala?”. Logo, apuntouna cunha pistola e disparoulle tres veces, impactándolle na parte esquerda da cara, polo que tivo que ser trasladada en helicóptero a un hospital militar e ser operada inmediatamente. O portavoz do grupo terrorista afirmou que tentarían matala de novo. Días despois de ser operada, foi trasladada a un hospital en Inglaterra para seguir a súa recuperación. Cando saíu do hospital, continuou cos seus estudos de secundaria en Inglaterra, onde vive desde entón.

O atentado de Malala tivo tal repercusión internacional, que recibiu apoio desde todos os lugares do mundo. Recibiu varios premios e, cando tiña 16 anos, falou na Asemblea das Nacións Unidas para pedir o acceso á educación en todo o mundo. En 2014, con 17 anos, recibiu o Premio Nobel da Paz, converténdose na persoa máis nova en recibir este galardón. Compartiu o Nobel precisamente cun dos fundadores da Campaña Mundial pola Educación, Kailash Satyarthi.

A pesar de que loita polos dereitos da muller e das nenas, non se describía nun inicio como feminista. Pero cando escoitou o discurso de Emma Watson na ONU decidiu identificarse como tal.

Aínda que dixo que quería ser médico, seu pai, vendo a súa convicción e loita, animouna a ser activista, sendo hoxe unha das activistas novas máis famosas. Desde 2017 estuda o Grao en Filosofía, Política e Economía na prestixiosa Universidade inglesa de Oxford.

Actividade 4.3. REVISIÓN DA ETAPA 4

- Brevemente recapitular o realizado durante a etapa e as principais ideas, resultados e aprendizaxes.
- Abrir un tempo para preguntas.
- Agradecer a súa participación e explicar o obxectivo das seguintes etapas.

ETAPA 5: DAR O PASO: IDENTIFICANDO OS PRINCIPAIS PROBLEMAS, AS CAUSAS, AS SOLUCIÓN E OS OBXECTIVOS

Actividade 5.1. BENVIDA

 Obxectivo	 Materiais
Revisar o traballado na etapa 4.	O traballado na etapa 4.

- **Desenvolvemento:**
 - Preguntar ao grupo como se atopa. Se teñen algo importante que comunicar ao grupo, se algo lles quedou pendente da etapa 4.
 - Revisar co grupo todo o traballado na etapa 4.
 - Explicar a estrutura e obxectivos da etapa 5.

Actividade 5.2. IDENTIFICACIÓN DE PROBLEMAS

 Obxectivo	 Materiais
• Identificar os principais problemas relativos á educación no mundo e tamén no seu centro educativo. • Identificar posibles solucións aos devanditos problemas.	Papel corrido. Matriz. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it.

- **Desenvolvemento:**
 - Recóllese a árbore de problemas elaborada na etapa 1 e tamén os principais problemas identificados nos seus centros educativos. Révisanse os problemas e identifícanse novas causas.

- Divídese ao grupo grande en 4 grupos e pídese que pensen en solucións para os problemas a nivel global e no seu centro educativo.
- Cada grupo comparte as súas conclusións e solucións.
- Colócase cada problema nunha matriz e compártense as solucións propostas. Unicamente se completan as partes dos problemas e posibles solucións.

Problema	Causas	Solucións

Actividade 5.3. REVISIÓN DA ETAPA 5

- Brevemente recapitular o realizado durante a etapa e as principais ideas, resultados e aprendizaxes.
- Abrir un tempo para preguntas.
- Agradecer a súa participación e explicar o obxectivo das seguintes etapas.

ETAPA 6: SUPERANDO PROBAS, PROCURANDO ALIADOS E ANULANDO OPOÑENTES: IDENTIFICAMOS ALIADOS-OPONENTES, OBXECTIVOS

Actividade 6.1. BENVIDA

 Obxectivo	 Materiais
Revisar o traballado na etapa 5.	O traballado na etapa 5.

• Desenvolvemento:

- Preguntar ao grupo como se atopa. Se teñen algo importante que comunicar ao grupo, se algo lles quedou pendente da etapa 5.
- Revisar co grupo todo o traballado na etapa 5.
- Explicar a estrutura e obxectivos da etapa 6.

Actividade 6.2. O PODER E AS ALIANZAS

 Obxectivo	 Materiais
• Identificar en que espazos de poder se toman ou se tomarían as decisións para poder resolver os problemas identificados. • Identificar aliados-opoñentes-indecisos. • Identificar dous obxectivos a conseguir durante as actividades de incidencia.	Papel corrido. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it, matriz, folla de selección de problemas.

• **Desenvolvemento:**

- Sitúase en lugar visible a matriz elaborada na etapa 5.
- Divídese o grupo grande 4 grupos. Cada grupo debe identificar que persoas e institucións teñen poder, influencia ou toman as decisións en relación aos problemas e solucións identificadas.
- Pídese que, a seguir, identifiquen persoas ou institucións que poden ser aliadas, opoñentes ou indecisas/indiferentes.
- Explícase que ao longo de todo o proceso procurárase:
 - Convencer ás persoas con poder de decisión para que actúen no noso favor.
 - Convencer aos indecisos para que nos apoien.
 - Motivar aos aliados para que nos apoien.
 - Neutralizar aos opoñentes.
- Cada grupo comparte as súas análises.
- Complétase a matriz coas achegas dos grupos.
- A continuación, en gran grupo selecciónanse un máximo de 2 problemas consonte aos seguintes criterios:
 - **Importancia:** se o problema está a provocar moitos efectos negativos.
 - **Paixón:** implicación persoal no problema.
 - **Confianza:** convencemento da nosa capacidade para solucionar o problema.
 - **Visibilidade:** se o problema é visible no centro educativo e se a xente é consciente dese problema.
 - **Solucionabilidade:** se xa se está a facer algo para resolvelo.
- Cada criterio valórase do 1 a 5. Realízase unha suma e destácanse os dous problemas que teñan acadado unha maior puntuación.
- Os dous problemas que consigan a máxima puntuación serán aqueles que se abordarán.
- Unha vez seleccionados os dous problemas, defínense cadanseu obxectivo cos seguintes criterios:
 - Específico: debe ser concreto.
 - Medible: debemos de poder medir o cambio conseguido.
 - Alcanzable: debemos de ser realistas.
 - Relevante: debe de ser importante para o maior número posible de persoas.
 - Temporal: ten que ter un horizonte temporal para desenvolvelo.

Problema	Espazo de poder/ Decisións	Aliados	Opoñentes	Indecisos

Problemas	Importancia se o problema está a provocar moitos efectos negativos.	Paixón implicación persoal no problema.	Confianza convencemento da nosa capacidade para solucionar o problema.	Visibilidade se o problema é visible no centro educativo e se a xente é consciente dese problema.	Xa se está a facer algo para resolvelo (programas, comisións, proxectos, equipos)	Puntuación total

Actividade 6.3. REVISIÓN DA ETAPA 6

- Brevemente recapitular o realizado durante a etapa e as principais ideas, resultados e aprendizaxes.
- Abrir un tempo para preguntas.
- Agradecer a súa participación e explicar o obxectivo das seguintes etapas.

ETAPA 7: O LADO ESCURO DA FORZA: DESEÑAMOS O PLAN DE ACCIÓN E DECIDIMOS AS TÁCTICAS

Actividade 7.1. BENVIDA

 Obxectivo	 Materiais
Revisar o traballado na etapa 6.	O traballado na etapa 6.

- **Desenvolvemento:**

- Preguntar ao grupo como se atopa. Se teñen algo importante que comunicar ao grupo, se algo lles quedou pendente da etapa 6.
- Revisar co grupo todo o traballado na etapa 6.
- Explicar a estrutura e obxectivos da etapa 7.

Actividade 7.2. O PLAN DE ACCIÓN

 Obxectivo	 Materiais
• Concienciarse do paso da palabra ao compromiso. • Diseñar o plan de acción. • Decidir as tácticas e actividades a desenvolver. • Diagnosticar as capacidades do grupo e identificar necesidades de formación.	Papel corrido. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it. Matriz.

- **Desenvolvemento:**

- Sitúase en lugar visible a matriz elaborada. Na matriz tan só figuran os dous problemas seleccionados.
- Divídese en dous grupos. Entrégase matriz de estratexias e actividades. Cada grupo debe identificar que estratexias e actividades poden desenvolver para cada problema e obxectivo. Tamén deben analizar se necesitarían algún tipo de formación para desenvolver as actividades seleccionadas.
- Comparten en común as conclusións do traballo.
- Revísase en común.

PROBLEMA			
Estratexias	Descrición	Repertorio de actividades	Capacidades do grupo Que persoas Formación necesaria
Comunicación	Conseguir visibilidade nos medios de comunicación, redes sociais e no centro educativo.	Voceiro/a Comunicado de prensa Rolda de prensa Acción de rúa	
Sensibilización	Conseguir apoios na comunidade educativa e na sociedade.	Charlas Foros Seminarios Exposicións Redes sociais Actividades artísticas (teatro, graffiti, música, etc) Acción de rúa Manifestación Sentada	
Lobby	Achegarse ás persoas tomadoras de decisións e con responsabilidades.	Xuntanzas Entrevistas	
Alianzas	Conseguir apoios e alianzas con outros grupos, organizacións, etc., semellantes. Ou adhesións de personalidades influentes.	Xuntanzas Entrevistas Actividades conxuntas	
Capacitación	Adquirir o grupo competencias e habilidades.	Seminarios Obradoiros Autoformación	

ETAPA 8: A GRAN PROBA: XESTIONAR A FRUSTRACIÓN. O PLAN B

Actividade 8.1. O PLAN B

 Obxectivo	 Materiais
• Concienciarse da posibilidade de fracasar ou non conseguir os resultados agardados. • Deseñar un plan B e alternativas de acción.	Papel corrido. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it. Matriz.

- **Desenvolvemento:**

- Sobre a matriz elaborada establecer un Plan B e actividades alternativas en caso de non conseguir os resultados agardados.

Actividade 8.2. REVISIÓN DAS ETAPAS 7 E 8.

- Brevemente recapitular o realizado durante as etapas 7 e 8 e as principais ideas, resultados e aprendizaxes.
- Abrir un tempo para preguntas.
- Agradecer a súa participación e explicar o obxectivo das seguintes etapas.

ETAPA 9: A RECOMPENSA. EXECUTAR O PLAN DE ACCIÓN: OS PRIMEIROS RESULTADOS

Actividade 9.1. EXECUTAR O PLAN DE ACCIÓN E CAPACITACIÓN

 Obxectivo	 Materiais
• Definir responsabilidades na execución das accións. • Definir o cronograma de actuación. • Establecer as actividades de formación e capacitación necesarias	Papel corrido. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it. Matriz.

- **Desenvolvemento:**

- Sitúase en lugar visible a matriz elaborada.
- Revísase a matriz.
- Selecciónanse co grupo un máximo de 5 actividades por obxectivo consonte aos seguintes criterios:
 - O impacto que esa actividade terá para conseguir o obxectivo.
 - As capacidades do grupo para executar a actividade.
 - A paixón que esa actividade nos provoca.
- Defínense responsabilidades e tempos para a execución das actividades.

Obxectivo Problema	Estratexias	Actividades	Quen	Cando
	Comunicación			
	Sensibilización			
	Lobby			
	Alianzas			
	Capacitación			

- En diálogo co grupo defínense as actividades de formación e capacitación identificadas e que poden abranguer:
 - Oratoria.
 - Deseño e execución de campañas de comunicación en redes sociais e en medios de comunicación. Ciberactivismo.
 - Teatro social ou do oprimido.
 - Negociación.
 - Etc.
- A partir destas necesidades de formación haberá que contactar coas persoas formadoras para impartir as sesións de formación. Estas sesións poderán ser impartidas ao grupo en xeral ou a grupos máis pequenos en función dos seus intereses e dispoñibilidade.
- Cada sesión de formación debería de ter unha duración mínima de 4 horas.

Actividade 9.2. ACOMPAÑAMENTO E TRABALLO AUTÓNOMO DE CADA GRUPO NO CENTRO EDUCATIVO

- Para o desenvolvemento do obxectivo relativo a conseguir unha mellora no centro educativo, debe-rase acompañar ao grupo na execución das actividades previstas. O equipo directivo e o claustro do centro educativo deberán estar informados previamente de que se van desenvolver as actividades previstas e solicitaráselles a colaboración na súa execución.
- O equipo facilitador deberá establecer unha planificación do acompañamento ao grupo en diálogo co mesmo e coa docente responsable.
- Deberase facilitar ao grupo todo o material preciso para desenvolver as actividades recollidas no plan de acción.

ETAPA 10: O ÉXITO: A SEMANA DE ACCIÓN MUNDIAL POLA EDUCACIÓN

- Para a consecución do obxectivo relativo aos problemas globais pola educación tentarase harmoni-zar o cronograma de execución das actividades coa axenda de organización e desenvolvemento da Semana de Acción Mundial pola Educación.

- Os grupos formados consonte a este proceso deberán de contar cun protagonismo específico durante os actos da SAME:
 - Organización dos actos centrais.
 - Entrevistas con representantes políticos a nivel local, provincial e autonómico.
 - Entrevistas con medios de comunicación.
 - Visitas a institucións políticas.

ETAPA 11: A CELEBRACIÓN: DIFUNDINDO O CONSEGUIDO

Actividade 11.1. A CELEBRACIÓN

 Obxectivo	 Materiais
• Revisar o vivido e conseguido nas semanas anteriores. • Celebrar o conseguido. • Revisar o proceso e o nivel de difusión do conseguido	O traballado en todas as sesións previas, nas formacións grupais, nas actividades de incidencia. Pódese facer un vídeo ou unha presentación de fotografías cos principais fitos do proceso. Papel corrido. Bolígrafos. Rotuladores. Post-it.

- **Desenvolvemento:**
 - Preguntar ao grupo como se atopa. Se teñen algo importante que comunicar ao grupo respecto do vivido.
 - Vaise revisando en que medida se foi executando o previsto:
 - Éxitos/acertos
 - Frustracións/erros.
 - Resultados non agardados.
 - Revisase o grao de difusión do proceso vivido e conseguido.
 - Elabóranse materiais específicos para a difusión pública dos logros do proceso de formación consonte á estratexia de comunicación.

ETAPA 12: O ELIXIR: AVALIAMOS A FORMACIÓN DE ACTIVISTAS


Actividade 12.1. A AVALIACIÓN

 Obxectivo	 Materiais
Avaliar o proceso vivido.	Bolígrafos. Rotuladores. Folla de avaliación.

- **Desenvolvemento:**
 - Entrégase a folla de avaliación.
 - Cada participante cumprimenta a folla de avaliación.
 - Ponse en común.

Avaliación


1.- Tendo en conta todo o feito e vivido, valora a túa satisfacción a nivel global (sendo 1 o valor máis baixo e 5 o máis alto)



2.- Que é o que máis che gustou deste proceso? Por que?

3.- Cales cres que son os aspectos que debemos mellorar ou que botaches de menos? Por que?

4.- Valora a túa participación persoal neste proceso:



5.- Valora en que grao te sentiches:

Acompañada/o por el grupo 1



Escuchada/o por el grupo 1



6.- Como resultado deste proceso, que cousas cres que farías diferente na túa vida?

7.- Valora do 1 ao 5 canto cres que melloraches nos seguintes aspectos.

- Coñecemento persoal (fortalezas, emocións, valores...)
- Coñecemento das outras persoas
- Coñecemento dos ODS e do ODS 4
- Traballo en equipo
- Comunicación mutua
- As túas fortalezas persoais
- Roles de grupo
- Análise e selección de problemas
- Planificación
- Confianza para conseguir cambios
- Motivación para ser activista

8.- Destaca 3 aprendizaxes persoais e 3 aprendizaxes grupais de todo o proceso.

9.- Que cres que habería que crear, reducir, eliminar ou aumentar neste proceso?

CREAR	REDUCIR
ELIMINAR	AUMENTAR

Referencias

ALBOAN, ENTRECULTURAS, FUNDACIÓN ETEA (2017), La ayuda en educación a examen. Balance y retos de la cooperación española en el marco de la agenda 2030.

CAMPAÑA MUNDIAL POLA EDUCACIÓN (2020), Conciénciate, coida e valora. A educación sentida, vivida e soñada antes e durante a pandemia da COVID-19 por activistas xuvenís polo dereito á educación. Novembro 2020.

CAMPAÑA MUNDIAL POR LA EDUCACIÓN (2020), Proteger el Derecho a la Educación frente a la crisis del coronavirus. Documento de posicionamiento.

CAMPAÑA MUNDIAL POR LA EDUCACIÓN (2021), 1.000 millones de voces: manifiesto político.

CAMPBELL, J. (1949), El héroe de mil caras. Psicoanálisis del mito, México: Fondo de Cultura Económica, 1992.

CONGDE (2020), Ayuda Oficial para el Desarrollo. Presupuestos Generales de las Comunidades Autónomas (pre-COVID19).

CONSEJO DE EUROPA (2018), Competencias para una cultura democrática. Convivir en pie de igualdad en sociedades democráticas culturalmente diversas.

CROMPTOM, T. (2010), Common Cause. The Case for Working with our Cultural Values.

DARNTON A & KIRK M. (2011), *Finding Frames*: New Ways to Engage the UK Public in Global Poverty.

EDUCO (2021), COVID-19: Impacto de la pandemia y sus secuelas en la educación.

ENTRECULTURAS (2020), Solidaridad en tiempo de crisis para relanzar una educación inclusiva y de calidad.

ENTRECULTURAS, FUNDACIÓN ETEA (2021), Recuperar la ayuda a la educación. Una llamada de emergencia. Tendencias de la cooperación española en cooperación.

GLOBAL CAMPAIGN FOR EDUCATION (2018). Strategic Plan 2019- 2022. Achieving SDG4 together.

HART, R. (1993). La participación de los niños. De la participación simbólica a la participación auténtica. Ensayos Innocenti N°4. Unicef

INTERACTION, Creating Campaigns that Change the World

NACIONES UNIDAS (2013), A Million Voices: The World We Want. A Sustainable Future with Dignity for All.

NACIONES UNIDAS (2015), Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el desarrollo sostenible.

NETVÆRKET (2014), Advocacy for Education. A Step by Step Guide.

OCDE (2018), Marco de competencia global. Estudio PISA. Preparar a nuestros jóvenes para un mundo inclusivo y sostenible.

OXFAM (2020), Realidad de la ayuda 2020. Una refundación inaplazable para el mundo post COVID-19.

PASTORIZA ROZAS, XL (2014), "As trabes de ouro. Unha educación en man común para a cidadanía global" en PASTORIZA ROZAS, X.L. (ed.), Educar para a cidadanía global. Experiencias, ferramentas e discursos para o cambio social. Vigo: Fundación Isla Couto, pp. 9-12.

PLAN INTERNACIONAL (2014), Workshop Facilitator Guide for the Advocacy Toolkit.

PLAN INTERNACIONAL (2014), Education We Want: An Advocacy.

ROWLANDS J (1997). Questioning Empowerment. Oxford: Oxfam.

SCHATTLE, H. (2008), The practices of Global Citizenship, Lanham: Rowman & Littlefield Publishers.

UNICEF, UNESCO (2008). Un enfoque de la educación basado en los derechos humanos.

UNESCO (2013), La educación transforma la vida.

UNESCO (2015a), Declaración de Incheon y Marco de Acción para la realización del Objetivo de Desarrollo Sostenible 4.

UNESCO (2015b), Global Citizenship Education. Topics and Learning Objectives.

UNESCO (2017), Educación para los Objetivos de Desarrollo Sostenible. Objetivos de Aprendizaje.

UNESCO (2020a), COVID-19 is a serious threat to aid to education recovery. Policy Paper 41. July 2020.

UNESCO (2020b), Medidas urgentes: cómo atenuar el impacto de la COVID-19 en el gasto necesario para lograr el ODS 4. Policy Paper 42. Septiembre 2020.

